

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 26 de outubro DE 2018**

Orde do día da sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 26 de outubro de 2018, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

[*Declaración institucional sobre as vivendas da Patiña en Cambre.](#)

[*Declaración institucional sobre a atención a mulleres con endometriose e divulgación da doenza na Deputación da Coruña.](#)

[*Declaración institucional de solidariedade coas vítimas do recente sismo e posterior tsunami en Indonesia e tramitación dunha achega para paliar os seus efectos a través da organización internacional UNICEF.](#)

Actas

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 12/18, do 28 de setembro.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia desde o 25 de setembro de 2018 ata o 22 de outubro de 2018.](#)

Comisión de Deportes e Mocidade

[3.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Noia Fútbol Sala polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento de gastos de competicións federadas dos equipos do club no ano 2017.](#)

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

[4.-Concesión de subvención nominativa á Asociación Sindical Galega de Guionistas para financiar as actividades formativas organizadas con motivo do 5º Encontro de guionistas durante o ano 2017.](#)

[5.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo correspondente á subvención nominativa concedida para financiar os cursos na sede da Coruña no ano 2018.](#)

Comisión de Promoción Económica e Emprego

[6.-Aprobación do convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña para financiar o proxecto "IV Encontro Ibérico de Democracia e Orzamentos participativos".](#)

[7.-Aprobación do convenio entre a Deputación e o Concello de Mesía para financiar o proxecto "Actividades na Aula da Natureza-Museo Etnográfico das Brañas de Valga".](#)

Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente

8.-Aprobación do Plan de investimento en vías provinciais 2018 sexta fase: Mellora da capa de rodadura con mestura bituminosa en quente DP 4501 da Picota a San Xián de Beba, PK 0+000 a PK 3+900.

9.-Aprobación do proxecto modificado nº 2 do proxecto DP 0402 Ampliación e mellora do trazado e seguridade viaria na DP 0402 Ares a Chanteiro (Ares). Fase I

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

10.-Aprobación definitiva do expediente de desafectación e cesión urbanística ao Concello de Santiago de Compostela, dunha parte do predio situado na Rúa Vista Alegre núm. 11 (local As Brañas de San Andrés/Pelamios).

11.-Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre para cofinanciar as obras do proxecto de Reordenación contorno rúas Polígono e Francisco Añón.

12.-Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de **IRIXOA** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de abastecemento a Cela-Mántaras

13.-Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de **COIROS** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar as obras da estación depuradora de augas residuais en Merille

14.-Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de **CAMBRE** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar as obras de reforma e adecuación beirarrúas na rúa Antón Fraguas.

15.-Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de **BERGONDO** para executar e financiar a obra na DP 0801 de Fraga ao Casal de Sta. Marta de Babío por S. Victorio ampliación e Senda, no PK 0+000 ao 0+790. (Bergondo). (Expediente: 2018000030351) e da obra de execución de servizos municipais na DP 0801 de Fraga ao Casal de Sta. Marta de Babío por San Victorio do P.Q. 0+790 (Concello de Bergondo).

16.-Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de **OLEIROS** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar as obras da 1º fase do parque costeiro metropolitano de Bastiaqueiro.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

17.-Aprobación do proxecto modificado da obra denominada “Mellora da contorna da igrexa parroquial e da casa reitoral de San Pedro de Corcoesto”, do Concello de

Cabana de Bergantiños, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3290.0310.0, e aprobación definitiva da obra.

18.- Aprobación do proxecto modificado da obra “Adecuación de Rúas en Gures”, do Concello de Cee, incluída na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) Adicional 1/2016 co código 2016.2101.0326.0

19.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Accesos Colexio O Cruce e outros”, do Concello de Cerceda, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2000.0166.0

20.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada “Camiño en Hedra (Ardemil) e outros”, do Concello de Ordes, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 co código 2016.2100.0125.0

21.- Aprobación da modificación do Proxecto da obra denominada “Rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume”, financiada mediante o Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume, e modificación do prazo de vixencia do convenio

22.- Aprobación do proxecto de terminación da obra “Pavimentación camiños da Fraga-Penalonga–AC861 e outros” do Concello de San Sadurniño, incluída no POS+2017 (2017.3110.0244)

23.- Aprobación da modificación do proxecto da obra denominada “Abastecemento auga a Marbán e Seixas” do Concello das Somozas, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2000.0303.0, e aprobación definitiva desta obra.

24.- Aprobación da modificación do proxecto da obra denominada “Iluminación pública en Seixas” do Concello das Somozas, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2000.0304.0, e aprobación definitiva desta obra.

25.-Aprobación da participación da Deputacion Provincial da Coruña no Proxecto "Creating a new concept of natural drinking fountains and demonstrating its viability along St. James´way: Life water way" (Creación dun novo concepto de fontes públicas e demostración da súa viabilidade no Camiño Inglés), como beneficiario do Programa Life da Comisión Europea (Life 16 ENV/ES/000533).

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

26.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de setembro de 2018 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo

Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 30 de setembro de 2018.

27.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 30/09/2018 e proxección ao 31/12/2018.

28.-Aprobación do informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao terceiro trimestre de 2018 na Deputación provincial e no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

29.-Aprobación do réxime retributivo na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo da Deputación Provincial da Coruña.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

-Moción do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños en apoio ao alcalde de Riace (Italia), Domenico Lucano.

-Moción dos Grupos Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica, PSdG-PSOE e Partido Popular en apoio aos traballadores de Alcoa e en contra do peche da factoría.

-Moción dos Grupos Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica e PSdG-PSOE en apoio á 5ª Marcha a Meirás de 10 de novembro de 2018.

- Moción dos Grupos Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica, PSdG-PSOE sobre o cambio de nome do IES Calvo Sotelo.

ROGOS E PREGUNTAS

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO
26 DE OUTUBRO DE 2018**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 26 de outubro de 2018, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

D. JUAN ALONSO TEMBRÁS	PP
Dª PATRICIA BLANCO FIDALGO	PSOE
D.JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
Dª. CLAUDIA DELSO CARREIRA	MAREA ATLÁNTICA
D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO	MAREA ATLÁNTICA
D. MANUEL DIOS DIZ	COMPOSTELA ABERTA
D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO	PSOE
Dª ANXELA FRANCO POUSO	BNG
Dª ROSA GALLEGO NEIRA	PP
D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
Dª SUSANA GARCÍA GÓMEZ	PP
D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
D. ANGEL GARCÍA SEOANE	AA.VV.
D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS	PP
D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
D. JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
Dª INÉS MONTEAGUDO ROMERO	PP
D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN	BNG
Dª MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ	PP
D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS	PSOE
D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE

D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
D ^a M ^a GORETTI SANMARTÍN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
D. CARLOS VÁZQUEZ QUINTIÁN	PP
D ^a . TERESA VILLAVERDE PAIS	PP

Escúsase a Sra. Fraga Sáenz.

Actúa como secretario, don José Luis Almu Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

O Sr. Presidente dá a benvinda aos traballadores e traballadoras de Alcoa presentes no salón de Plenos, e antes de comezar a sesión, o representante do Comité de Empresa de Alcoa realiza unha longa e documentada intervención ao respecto do peche das plantas de Alcoa na Coruña e Avilés. O presidente realiza tamén unha intervención amosando o apoio da Corporación aos traballadores e traballadoras de Alcoa e o rexeitamento ao peche da factoría, tal e como queda reflectido na moción presentadas por todos os Grupos e que sería obxecto de debate e votación unánime favorable ao final da sesión.

Aberto o acto ás doce horas e dezaseis minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Secretario

Hai tres declaracións institucionais, a primeira é unha declaración sobre as vivendas da Patiña en Cambre

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE NAS VIVENDAS DA PATIÑA, EN CAMBRE.

Na actualidade, froito da especulación urbanística das últimas décadas, moitos veciños e veciñas de Cambre temen por este dereito constitucional e están sufrindo as consecuencias destas malas prácticas permitidas durante anos por todos os gobernos de distintas administracións, tanto local, como autonómico, como estatal.

En Cambre estase a producir unha situación intolerable nas urbanizacións da Patiña e A Barcala, onde familias que accederon a alugueres en vivendas de protección oficial vense agora obrigados a saír delas pola venda destes inmobles a entidades financeiras. Estas queren sacar rendibilidade dos seus inmobles sen pensar no terrible dano que poden causar ás familias, moitas delas ou a grande maioría, con poucos recursos económicos, e mesmo en situación de emerxencia social.

Na Patiña, a entidade bancaria propietaria do inmovible, que durante anos estivo en réxime de Protección Oficial, decidiu a súa venda a un “fondo voitre” sen pensar nos seus inquilinos e non renovando os seus alugueres deixando a estes nunha situación de clara indefensión.

O argumento do Instituto Galego de Vivenda é que este inmovible xa excede o número de anos que establece a Lei para manter o réxime de Protección Oficial e por tanto poderá vender ou incrementará os alugueres como lles praza sen que ningún organismo oficial lle poña obxección algunha.

O Concello de Cambre mantivo conversas coa empresa inmobiliaria que xestiona actualmente o cobro destes alugueres e non só non achegaron a información requirida senón que se limitaron a confirmar que non renovarán os alugueres aos inquilinos a pesar de saber a situación económica na que se atopan moitas destas familias cambresas.

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña respalda publicamente aos veciños afectados pola política especulativa que está a levar a cabo a entidade titular destes edificios, que abusa do seu dereito de propiedade impondo as súas condicións unicamente pensando no lucro, e poñendo en risco un dereito fundamental como o da vivenda, que debe ser protexido.

Por todo iso estimamos que é necesaria e obrigada esta moción, que debe servir para que todas as Administracións, na medida das súas competencias, promovan actuacións urxentes orientadas a preservar, e polo tanto garantir, o dereito fundamental a unha vivenda digna. Entendemos que é condición necesaria a existencia dunhas Administracións Públicas ao servizo das persoas, e non ao servizo da especulación inmobiliaria e os que a promoven.

Ante esta situación o Pleno da Deputación Provincial da Coruña acorda:

PRIMEIRO.- Instar ao Estado Central e a Xunta, administracións con competencias suficientes en Vivenda, manter unha reunión de urxencia para evitar esta situación que pode acabar con decenas de familias na rúa.

SEGUNDO.- Solicitar que a Xunta de Galicia poña a disposición das familias necesitadas as vivendas baleiras a través de alugueres sociais.

TERCEIRO.- Instar á Xunta de Galicia e Estado que poña en marcha un mecanismo urxente de recolocación no caso que fose necesario para todas aquelas familias en risco de exclusión social que sufran a perda da súa vivenda.

Sr. Secretario

Como dixen está asinada por todos os portavoces dos diferentes Grupos políticos desta Deputación.

Hai outra declaración institucional, tamén asinada polos portavoces de todos os Grupos políticos que di así:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A ATENCIÓN A MULLERES CON ENDOMETRIOSE E DIVULGACIÓN DA DOENZA NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A endometriose é unha doenza inflamatoria, progresiva, estrógeno-dependente, de orixe descoñecida. Consiste na implantación e crecemento benigno de tecido endometrial (glándulas e estroma) fóra do útero, na gran maioría dos casos no peritoneo pélvico e os ovarios, pero que pode afectar calquera parte do corpo da muller. A extensión da doenza varía dende poucas e pequenas lesións ata grandes endometriomas ováricos e/ou grandes e extensos nódulos ou fibroses e adherencias que causan unha severa distorsión da anatomía da muller.

O tecido endometrial pode extenderse por ovarios, peritoneo, ligamentos uterosacos e fondo de saco de Douglas, sendo menos frecuente fóra da pelve, aínda que pode afectar a calquera órgano (pulmóns, meninxes, etc.). Na pelve pode invadir órganos diferentes dos xenitais internos, como o intestino, frecuentemente recto e/ou sigma, a vexiga e os uréteres. Noutras ocasións o tecido endometrial ectópico localízase no propio útero, fóra do seu emprazamento normal, producindo unha variante de endometriose chamada adenomiose que pode ser difusa ou focal.

Adoita clasificarse a endometriose en 4 graos, segundo o nivel de infiltración do tecido, e non se pode correlacionar o estadio co tipo e/ou severidade dos síntomas e o seu pronóstico, nin tampouco co pronóstico de infertilidade.

Segundo os estudos, a endometriose afecta ao 10% das mulleres en idade fértil. De se confirmar este dato, en Galicia habería máis de 60.000 mulleres afectadas por endometriose, das cales o 15% teñen formas severas da doenza, o que suporía arredor de 9.000 mulleres.

A endometriose, ademais de poder resultar incapacitante para a muller, implica en moitos casos un grave problema de infertilidade.

O retraso medio do diagnóstico é de 8 anos, e vén dado por dúas causas fundamentais:

1. O descoñecemento da doenza e dos seus síntomas por parte das mulleres.
2. A pouca atención que, ata o momento, o sistema sanitario prestou aos síntomas da endometriose, asociando falsamente a regra coa dor, e normalizando este síntoma principal da doenza.

Por todo isto os grupos asinantes presentan ao Pleno para o seu debate e aprobación os seguintes

ACORDOS:

1. A Deputación da Coruña instará por escrito ao **Sergas e á EOXI** da Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol para que proceda a
 - 1.1. Establecer unha programación de xornadas de formación sobre endometriose ás que poida acudir o persoal sanitario que atende os distintos servizos que dispensa o SERGAS no nosa provincia (facultativos de primaria e especializada, enfermería, matronas, fisioterapeutas, terapeutas...).
 - 1.2. Garantir consultas específicas de Endometriose suficientes para o número de afectadas das distintas áreas nos Hospitais aos que acoden as mulleres da provincia da Coruña e á derivación destas pacientes a áreas nas que existan mentres estas non se creen.
 - 1.3. Crear unha unidade multidisciplinar composta por especialistas en xinecoloxía, radioloxía, cirurxía xeral con experiencia en cirurxía colo-rectal, uroloxía, anestésias, psicoloxía, fisioterapia, especialistas en dor, etc., para mellorar a atención nos casos máis graves de endometriose e á derivación destas pacientes a unidades multidisciplinares doutras áreas sanitarias mentres estas non existan.
2. A Deputación da Coruña instará por escrito á **Consellería de sanidade** a:
 - 2.1. Dar cumprimento á moción que por unanimidade aprobaron todos os grupos políticos da cámara o 22 de abril de 2015 sobre endometriose e que recollía en gran medida as demandas das mulleres afectadas por esta doenza.
 - 2.2. Facilitar ás mulleres con endometriose un mellor acceso aos tratamentos de fertilidade nos hospitais públicos (mellora nas listas de espera, facilidades para conxelación de ovocitos antes de cirurxías e tratamentos que poidan afectar á súa calidade ovárica, así como a execución de campañas de ovodoazón destinadas a captar doantes na sanidade pública).
3. A Deputación da Coruña instará por escrito ao **Ministerio de Sanidade** a:
 - 3.1. Convocar un Consello interterritorial no que se aborde este tema e se estableza un plan estatal de endometriose no que se comprometan investimentos para a mellora da formación do persoal e a divulgación da doenza entre a poboación feminina.
 - 3.2. Incluir na carteira de medicación financiada a totalidade de medicamentos subministrados a mulleres con endometriose.
4. A Deputación da Coruña comprométese a solicitar aos **Institutos de Investigación públicos galegos** que desenvolvan proxectos de investigación da endometriose.
5. A Deputación da Coruña comprométese a colaborar nas campañas informativas entre mozas de 12-18 anos nos centros educativos da nosa provincia para dar a coñecer a doenza.

Sr. Secretario

Hai unha terceira declaración institucional de solidariedade coas vítimas do recente sismo e posterior tsunami en Indonesia e tramitación dunha achega para paliar os seus efectos a través da Organización Internacional Unicef, e di así:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DOS GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS DE SOLIDARIEDADE COAS VÍTIMAS DO RECENTE SISMO E POSTERIOR TSUNAMI EN INDONESIA E TRAMITACIÓN DUNHA ACHEGA PARA PALIAR OS SEUS EFECTOS A TRAVÉS DA ORGANIZACIÓN INTERNACIONAL UNICEF

Como é sabido a través dos distintos medios de comunicación, o pasado 28 de setembro tivo lugar un potente sismo de magnitude 7,4 na Costa Oeste de Sulawesi (Indonesia) e posterior tsunami que, pola súa proximidade a zoas densamente poboadas, especialmente ás cidades de Palu e Dongala, ocasionou unha grande devastación física e humana, cunhas cifras que superan as 1.000 persoas falecidas e máis de 16.000 desprazadas, entre as que se atopa un importante número de nenos/as.

A Deputación da Coruña, sensible coas políticas de cooperación ao desenvolvemento, sempre amosou a súa disposición a colaborar a través da axuda humanitaria e de emerxencia, nas accións encamiñadas ao envío con carácter urxente e non discriminado do material de socorro necesario, incluída a axuda alimentaria de emerxencia para protexer as vidas humanas e aliviar a situación das poboacións vítimas dunha catástrofe natural, como é o caso.

Esta axuda a poden levar a cabo as administracións públicas directamente ou por medio de organizacións non gobernamentais ou organismos internacionais, polo que inmediatamente despois de ter lugar o fatal desenlace, numerosas entidades, públicas e privadas, puxeron en marcha os seus sistemas de axuda humanitaria, algunhas delas con demostrada experiencia e implantación no citado país, como é o caso da organización internacional UNICEF, no que xestiona proxectos de desenvolvemento en diferentes áreas dende hai anos, sobre todo no que afecta á poboación infantil, e que neste momento están a preparar o envío de suministros e movilizano a persoal especializado para reforzar unha resposta de emerxencia.

Polas citadas razóns, o Comité Autonómico para Galicia da UNICEF, nas súas funcións de colaboración coa súa respectiva organización nacional, en orde á recadación de fondos para o financiamento das súas actividades, se dirixe á Deputación Provincial da Coruña para solicitar as axudas que sexan posibles e, se fora o caso, o seu ingreso na conta de emerxencia correspondente, habilitada e destinada ao financiamento da axuda de emerxencia que está a levar a cabo no terreo.

Tendo en conta o anterior, os grupos políticos que conforman a Deputación Provincial da Coruña, a través dos seus portavoces, presentan ante o Pleno Corporativo unha declaración institucional para solidarizarse coas vítimas e comprometerse a facilitar a

tramitación dunha achega para paliar os seus efectos, sobre todo no que afecta á poboación infantil, a través da organización internacional UNICEF.

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 12/18, DO 28 DE SETEMBRO.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 12/18, do 28 de setembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA DESDE O 25 DE SETEMBRO DE 2018 ATA O 22 DE OUTUBRO DE 2018.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, desde o 25 de setembro de 2018 ata o 22 de outubro de 2018.

3.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB NOIA FÚTBOL SALA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DE GASTOS DE COMPETICIÓNS FEDERADAS DOS EQUIPOS DO CLUB NO ANO 2017.

INTERVENCÍONS

Sr. García Seoane

Simplemente para clarificar o meu voto. Na Comisión Informativa opúxenme e hoxe voume abster, pero dicir unha vez máis que creo que hai que buscar fórmulas para que as entidades deportivas, todas, e non unhas poucas, unhas que leven moito diñeiro e outras moi pouco, sexa un reparto equitativo en relación co traballo que fan en cada vila, en cada municipio, os colectivos deportivos ou sociais. Por iso é a miña abstención neste caso, porque non entendo que haxa clubs que leven unha tallada moi grande, pagando xogadores, cando non é así, o diñeiro público non é para pagar a xogadores nin nada parecido, e que se lle distribúa neses clubs que tanto traballan arreo por toda a nosa provincia, doutra maneira e mellor. Esa é a razón da miña abstención, non quero poñer non neste Pleno, como dixer, senón que me vou abster.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta).

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2.- Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no artigo 176 do Texto refundido da lei de facendas locais.

3.- Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Noia Fútbol Sala para financiar os gastos de competicións federadas dos equipos do club no ano 2017 cunha achega provincial de 30.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3411/481 que representa un coeficiente de financiamento do 22.47% con respecto a un orzamento de 133.500 euros.

4.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2018.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Noia Fútbol Sala, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento dos gastos de competicións federadas dos equipos do club no ano 2017.

Na Coruña, o

REUNIDOS

D/Dna. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación do **Club Noia Fútbol Sala**

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Club Noia Fútbol Sala** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Noia Fútbol Sala** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación Provincial da Coruña a prol do **Club Noia Fútbol Sala** (CIF:G15359847), fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento dos gastos de competicións federadas dos equipos do club no ano 2017.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O **Club Noia Fútbol Sala** desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Material deportivo	6.000,00 €
Material médico	1.500,00 €
Material diverso	3.000,00 €
Cotas e dereitos de participación	20.000,00 €
Arbitraxes	18.550,00 €
Mutualidades	4.500,00 €
Licenzas deportivas	2.500,00 €
Desprazamentos equipo	46.020,00 €
Desprazamentos técnicos	2.500,00 €
Desprazamentos xogadores a adestramentos	26.000,00 €
Seguros sociais persoal deportivo	450,00 €
IRPF	80,00 €
Primas de seguro	500,00 €
Gastos xestión	400,00 €
Outros gastos	1.500,00 €
Total	133.500,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **22,47%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **22,47 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/341.1/481** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o **Club Noia Fútbol Sala** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle **ao Club Noia Fútbol Sala**.

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, autorízase **ao Club Noia Fútbol Sala** para que poida concertar a execución total ou parcial das actividades obxecto da subvención con persoas socias da entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, o **Club Noia Fútbol Sala** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Club Noia Fútbol Sala**

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao Club Noia Fútbol Sala unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do **Club Noia Fútbol Sala** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematan o 31 de decembro de 2017

2.- Unha vez rematadas as actividades, o **Club Noia Fútbol Sala** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de decembro de 2018**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Club Noia Fútbol Sala** para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Club Noia Fútbol Sala** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Club Noia Fútbol Sala** na documentación subministrada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, ao **Club Noia Fútbol Sala** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O **Club Noia Fútbol Sala** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O **Club Noia Fútbol Sala** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, **o Club Noia Fútbol Sala** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **o Club Noia Fútbol Sala** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, **o Club Noia Fútbol Sala** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2015).

3.- *Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2015).*

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Club Noia Fútbol Sala** serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deste datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención **ao Club Noia Fútbol Sala** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de decembro de 2018** e terá efectos retroactivos, xa que as actividades contempladas nel foron realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

4.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN SINDICAL GALEGA DE GUIONISTAS PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES FORMATIVAS ORGANIZADAS CON MOTIVO DO 5º ENCONTRO DE GUIONISTAS DURANTE O ANO 2017.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa por importe de **4.700 €** á Asociación Sindical Galega de Guionistas para financiar **as actividades formativas organizadas con motivo do 5º Encontro de Guionistas durante o ano 2017**, cun orzamento subvencionado de 6.822,56 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 16 de outubro de 2018.

“ Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asoc Sindical Galega de Guionistas para financiar as actividades formativas organizadas con motivo do 5º Encontro de Guionistas durante o ano 2017.

Na Coruña,

REUNIDOS

Don/a _____ en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a _____ en representación da Asoc. Sindical Galega de Guionistas.

EXPOÑEN

1.- AGAG, Asociación Sindical Galega de Guionistas, é unha asociación profesional sen ánimo de lucro, fundada en 1997, co obxectivo de defender os intereses dos guionistas do sector audiovisual en Galicia. O 26 de outubro de 2016 constitúese como asociación sindical.

2.- A Asociación ten entre os seus principais obxectivos representar os intereses dos membros da asociación a nivel laboral, profesional, social, económico e cultural, representar os intereses dos guionistas nos foros nos que se tomen decisións, loitar pola visibilidade do guionista e do seu traballo e difundir social e culturalmente a profesión de guionista e a súa tarefa.

3.- En 2017 celébrase o 5º Encontro de Guionistas por primeira vez en Galicia, sendo a sede do mesmo Santiago de Compostela. Na organización deste 5º Encontro participarán todas as asociacións de guionistas do estado, cun papel especialmente activo da anfitroia AGAG que asumirá a organización e xestión das actividades formativas.

4.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de concesión duna subvención nominativa da Deputación Provincial da Coruña á Asoc. Sindical Galega de Guionistas (NIF: G15591993) para financiar as *Actividades Formativas do 5º Encontro de Guionistas durante o ano 2017* de acordo co seguinte programa:

Xoves 2 de novembro de 2017

19:30

*Guións que traspasan fronteiras. Conversación con Sergio G. Sánchez
Modera Ana Hormaetxea, presidenta de FAGA*

Venres 3 de novembro de 2017

10:30

A Evolución do FilmarketHub. Andrea Giannone. Directora de FilmarketHub.

10:55

Conecta Fiction: unha porta ao mercado internacional. Géraldine Gonard. Directora de Conecta Fiction

11:20

Tendencias narrativas nas series internacionais 2017-2018. Concepción Cascajosa, Directora do Máster en Guión de Cine e TV Uc3M/ALMA.

11:40

Convenio Colectivo. A situación actual. Tomás Rosón, avogado de ALMA e Ramón Rey, avogado de FAGA.

12:20

O ano das plataformas. As creacións de Movistar series. Susana Herreras, responsable de Desenvolvemento de Series Orixinais en Movistar+.

12:45

O ano das plataformas. Escribir para Movistar+. Rafael Cobos, guionista e cocreador de "La Peste".

13:10

O ano das plataformas. Escribir para Netflix. "Las chicas del cable". Gema R. Neira, Directora do departamento de Desenvolvemento de Bambú Producciones.

13:35

Do libro á serie. "Fariña". Diego Sotelo, guionista de "Fariña".

14:00

Do libro á pantalla. Un camiño de ida e volta. Carlos G. Miranda, guionista e novelista.

16:00

Os extremos se tocan: do guión á montaxe. Alberto Marini, guionista de "El Desconocido" e Jorge Coira, montador de "El Desconocido".

Modera Enrique Lojo, guionista e membro da xunta directiva de AGAG.

16.40

A experiencia dunha guionista con representante. Alicia Luna.

17:05

Animando a Buñuel. Eligio R. Montero, guionista da longametraxe de animación "Buñuel en el laberinto de las Tortugas".

17:35

A situación do guionista en Europa. David Kavanagh, Director Executivo da Federation of Screenwriters in Europe (fSf).

Modera Teresa de Rosendo, guionista e membro da xunta d'irectiva de ALMA.

18:40

Storytelling político: ¿hai guión tras un discurso? Jacobo Delgado, guionista e speechwriter,

Sábado 4 de novembro de 2017

10:15

O guionista de reality. Amalio Rodríguez, guionista de "El Puente" en #0 e desarrollador do formato.

10:40

¿Cabe a memoria histórica na parrilla? Trinxeres. Carles Costa.

11:05

4.- El abono de la subvención se materializará mediante ingreso en la cuenta de la entidad financiera indicada por la Universidad Internacional Menéndez Pelayo en la documentación aportada; y se hubieran transcurrido más de cuatro meses desde la idónea y correcta justificación de los compromisos adquiridos sin que hubiera cobrado el importe que le corresponda, la Universidad Internacional Menéndez Pelayo tendrá derecho al abono de los intereses de demora, al tipo de interés legal, que se devenguen desde la finalización del plazo de cuatro meses hasta el momento en el que se haga efectivo el pago.

VIII.- Acreditación del cumplimiento de los deberes tributarios y con la Seguridad Social.

1.- La Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá acreditar, con carácter previo a la firma de este convenio y luego, con carácter previo al pagado de la subvención, que se encuentra al día en el cumplimiento de los deberes tributarios con la Administración del Estado, con la Comunidad Autónoma y con la Seguridad Social; y, para tal fin podrá autorizar a la Diputación a que obtenga telemáticamente los correspondientes certificados.

2.- La acreditación del cumplimiento de los deberes tributarios con la Diputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino y manejo de los fondos recibidos.

1.- La Universidad Internacional Menéndez Pelayo destinará los fondos recibidos al pago de los justificantes de gasto presentados.

2.- Con el fin de garantizar un idóneo control de la aplicación de los fondos, el pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante la utilización de transferencia bancaria, tarjeta de débito o crédito, cheque nominativo o cualquier otro medio que deje constancia de la fecha de pago y de la identidad del perceptor; sólo excepcionalmente se podrá realizar el pago en metálico para gastos de hasta 150 €, en los que no resulte posible a utilización de uno de los medios anteriormente indicados.

3.- Sin perjuicio de los libros y registros contables que las normas generales o sectoriales le puedan imponer, la Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá contar al menos con un registro cronológico de cobros y pagos en los que se incluyan, entre otros, los relativos a los gastos justificados y a los ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financiero de la Diputación y de los órganos de control externo.

1.- Conforme al dispuesto en los artículos 44 y siguientes de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones, y en los artículos 41 y siguientes de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia, la Universidad Internacional Menéndez Pelayo podrá ser escogida por la Intervención provincial para la realización

de un control financiero sobre la subvención pagada, con el fin de acreditar la efectiva aplicación de los fondos a la finalidad para la que fueron concedidos, la correcta financiación de la actividad y el cumplimiento de todas las demás deberes formales y materiales que le impone el presente convenio de colaboración.

2.- Simultáneamente, de acuerdo con el previsto en la ley 6/1985, de 24 de junio, del Consejo de Cuentas de Galicia, la Universidad Internacional Menéndez Pelayo queda sometida a los procedimientos de fiscalización que lleven a cabo el Consejo de Cuentas de Galicia o, en su caso, segundo el previsto en la Ley orgánica 2/1982, de 12 de mayo, a los procedimientos de enjuiciamiento contable que pueda incoar el Tribunal de Cuentas, y a cualquiera otro órgano de control, nacional o europeo.

XI.- Reintegro, infracciones y sanciones.

1.- El incumplimiento de alguna de las cláusulas previstas en el presente convenio de colaboración podrá implicar la obligación de reintegro parcial o total de los fondos recibidos, así como al pago de los intereses de demora que se perciban desde el día en el que se realizó el pago hasta el momento en el que se acuerde la procedencia del reintegro. El procedimiento de reintegro se iniciará de oficio, en su tramitación se seguirá lo dispuesto en los artículos 41 y siguientes de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones y en los artículos 91 y siguientes de su Reglamento (R.D. 887/2006, de 21 de julio), dándole en todo caso audiencia al interesado.

2.- Sin perjuicio del anterior, dicho incumplimiento también podrá ser constitutivo de alguna de las infracciones tipificadas en la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, o en la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia, siéndole de aplicación el cuadro de sanciones previstos en las normas citadas y en la Ordenanza provincial reguladora del control financiero de subvenciones y de los procedimientos de reintegro y sancionadores derivados (BOP n.º 116 de fecha lunes, 22 de junio de 2015).

3.- Para los supuestos de retraso en la realización de las actividades o retraso en la presentación de la justificación se estará a lo dispuesto en la Ordenanza provincial reguladora del control financiero de subvenciones y de los procedimientos de reintegro y sancionadores derivados (BOP n.º 116 de fecha lunes, 22 de junio de 2015).

XII.- Incorporación al registro público de subvenciones y publicación de la subvención concedida.

1.- En el cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 20.1 de la Ley 38/2003, general de subvenciones, y demás normativa de desarrollo, los datos de la subvención concedida y la identificación de la Universidad Internacional Menéndez Pelayo serán remitidos a la Intervención general del Estado, para que sean incorporados a la Base de datos Nacional de Subvenciones, con la exclusiva finalidad prevista en el dicho precepto y con el debido respeto a la protección de los datos de carácter personal, segundo el previsto en la Ley orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, en tanto no se oponga al Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al

tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (Reglamento General de Protección de Datos).

2.- Simultáneamente, en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 16.3 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia, la Diputación le remitirá la misma información a la Consellería de Economía y Hacienda, con el fin de que la incorpore al registro público de ayudas, subvenciones y convenios de la Comunidad Autónoma de Galicia.

3.- Según lo previsto en el artículo 18 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones, la concesión de la subvención a la Universidad Internacional Menéndez Pelayo será publicada en el Boletín oficial de la provincia de A Coruña y en la página web dacoruna.gal.

4.- Un ejemplar de este convenio, debidamente firmado, será incorporado al registro de convenios que depende del Servicio de Patrimonio y Contratación de la Diputación.

XIII.- Vigencia del convenio, prórroga o modificación.

1.- El plazo de vigencia del presente convenio finalizará el **31 de marzo de 2019** y tendrá efectos retroactivos, por lo que las actividades contempladas en él podrán tenerse realizadas desde lo 1 de enero de 2018.

Esta vigencia queda subordinada a la existencia del crédito adecuado y suficiente que para el Ejercicio de 2019 autorice el correspondiente Presupuesto.

2.- Previa solicitud de la Universidad Internacional Menéndez Pelayo, realizada al menos dos meses antes de la fecha del fin del plazo, el convenio podrá ser prorrogado por acuerdo expreso de ambas dos partes, y previos los informes preceptivos de la Unidad gestora, del Servicio de Patrimonio y Contratación, de la Secretaría y de la Intervención de la Diputación.

3.- También por acuerdo expreso de ambas partes y por causa debidamente justificada, y previos los mismos informes indicados en el apartado anterior, el convenio podrá ser objeto de modificación.

XIV.- Naturaleza, interpretación, modificación y jurisdicción competente.

1.- El presente convenio tiene naturaleza administrativa y para resolver las dudas que surjan en la interpretación de sus cláusulas se aplicaran las disposiciones contenidas en la Ley 38/2003, de 18 de noviembre, general de subvenciones, y en la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia; supletoriamente se aplicará la legislación de contratos del sector público.

2.- La interpretación de las dudas y lagunas que puedan surgir en la aplicación del presente convenio le corresponderá al Presidente de la Diputación, previos los informes preceptivos de la Unidad gestora, de la Secretaría y de la Intervención provincial.

3.- Le corresponderá a los órganos de la jurisdicción contencioso-administrativa, según la distribución de competencias prevista en la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de dicha jurisdicción, el conocimiento de las cuestiones litigiosas que puedan surgir a consecuencia del presente convenio.

Se hace constar que el presente convenio fue aprobado por ---

Y en prueba de conformidad firman por cuadruplicado ejemplar el presente convenio en el lugar y fecha indicados en el encabezamiento.”

6.-APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO "IV ENCONTRO IBÉRICO DE DEMOCRACIA E ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS".

INTERVENCIÓNS

Sra. Delso Carreira

Moi bo día. Comentar sobre este punto, que é un punto que volve a este Pleno porque no Pleno do pasado 14 de setembro vivimos unha situación bastante esperpéntica. A Sra. Gallego que, por certo, nin veu ás Comisións correspondentes a este punto, nin veu a semana pasada tampouco, nin os seus compañeiros de partido dixeron nin mu, nin daquela nin agora, chegou a este Pleno ao de sempre, a facer campaña e ocorreu algo ao que nós aínda non damos crédito, a verdade, e é que desde o Grupo de goberno deixouse caer este punto da orde do día, permitiuse que se deslizase unha sombra de dúbida sobre un expediente absolutamente normal, é dicir, un convenio nominativo máis de entre os centos de convenios nominativos que tramita esta Deputación.

Gustaríame observar unha cousa, os únicos puntos nos que o Partido Popular ten feito isto, no que ou ben piden a retirada dos puntos, ou ben votan en contra, ou se absteñen, acostuman ser puntos que teñen que ver con políticas diferentes, con políticas certamente innovadoras e particularmente unha das súas obsesións no Concello da Coruña son estas políticas que agora trasladan a esta casa.

Non o dicimos nós, se se revisan as actas, neste mandato verase que as batallas do Partido Popular nestes anos foron determinadas partidas do orzamento, a rede cultural, o Plan único, etc., etc., políticas novas que nós respaldamos por estar de acordo e porque cremos que cadran co espírito de cambio que necesita esta casa, políticas por outro lado que, sen o voto deste Grupo, non terían saído adiante.

Con todo cariño, pero presidente e vicepresidenta desta Cámara, no Pleno do 14 de setembro vostedes permitiron que o Partido Popular marcase criterio, naquel Pleno vostedes permitiron que o Partido Popular estea facendo *pasillo* estes días, sentando dúbidas sobre este expediente e, polo tanto, sobre o funcionariado que o tramitou, permitiron isto e isto é inadmisíbel, calquera que coñeza o procedemento administrativo saberá que neste caso estamos alterando o propio procedemento, pois estamos adiantando, se nos está pedindo xustificar unha subvención antes incluso de tela concedida, dito doutro xeito, este expediente está sendo esaxeradamente fiscalizado. Agora ben, no pasado Pleno pediuse aclaración, pediuse máis

información e incorporamos novos informes, información complementaria ao expediente. Agora mesmo existe un informe adicional da xefatura de servizo da miña concellería, relación de facturas, programa, existe tamén un informe complementario do Servizo de Promoción Económica desta Deputación, no que se reitera o xa dito no informe proposta, no que se reiteran as razóns de interese público que dificultarían a convocatoria en concorrencia e, polo tanto, xustificarían a subvención nominativa.

Dito isto, gustaríame lembrar de que trata este convenio nominativo, e de que trata polo tanto este punto que traemos hoxe aquí. Como dicía antes, trátase dun convenio nominativo, un máis, un de entre os centos que ten esta Deputación provincial, froito dun acordo de colaboración, que creo que hai que valorar, e que hai que aplaudir, un acordo de colaboración desta Deputación co Concello da Coruña para o desenvolvemento nun Encontro internacional e de democracia e orzamentos participativos que tivo lugar no pasado mes de xullo. Un Encontro de carácter bianual que tivemos a sorte de traer á nosa cidade, un Encontro que se celebra cada dous anos nunha cidade portuguesa ou nunha cidade española. É dicir, dúas administracións mostran o seu interese por un Congreso que trouxo á nosa cidade algunhas das experiencias máis relevantes en políticas de participación e particularmente de orzamentos participativos do Estado, de Portugal e de diversas cidades iberoamericanas, Bolivia, Ecuador, Costa Rica, Arxentina, Colombia. Pero é que o Encontro Ibérico, non contou só coa colaboración do Concello e da Deputación da Coruña, senón que contou coa colaboración de distintas Redes de cidade, a rede de autarquías participativas portuguesas, a Rede de cidades participativas, ou a UCI, a Unión de cidades capitais iberoamericanas que, por certo, custeou os desprazamentos dos seus membros, ou a OIDP, que é o Observatorio Internacional de Democracia Participativa, unha Rede de cidades de todo mundo, entidades, organizacións e centros de investigación que intercambian e aplican experiencias sobre democracia participativa no ámbito local, para profundar a democracia no Goberno das cidades.

Un observatorio no que participan activamente 95 países, entre eles o Estado español, e que tivo no marco do Encontro Ibérico unha xuntanza aberta de traballo para abordar a axenda local de participación e a preparación da asemblea anual que, por certo, se celebrará o vindeiro mes de novembro na cidade de Barcelona e á que, por certo, estamos convidados.

Conto todo isto porque sei que a vostedes, refírome ao Partido Popular, non lles interesa en absoluto, pois o único que lles interesa é difamar e resaltar un parágrafo do reparo da Intervención, que é exactamente o mesmo parágrafo que aparece en todos os convenios nominativos desta Deputación. E dado o desprezo que o PP mostra sistematicamente polas políticas innovadoras e, particularmente, polas políticas de participación, coido que deberían saber vostedes, deberían ter repasado o programa e deberían saber que no propio Encontro Ibérico contamos con membros do seu Partido, porque si, hai xente do Partido Popular facendo políticas de participación, aínda que pareza increíble, pero non en Galicia, non, na rexión de Murcia. Pode gustarnos máis ou menos o seu modelo, pero hai que dicir que o están facendo e que foron convidados para contalo. O que noutros países é habitual, en Portugal por exemplo, no Estado español é case un milagre. Houbo no Encontro Ibérico tamén membros do Goberno portugués, e saben por que?, estivo concretamente convidada a Secretaria de Estado de Modernización administrativa,

porque Portugal foi o primeiro país do mundo o ano pasado en facer un salto de escala, e en facer uns orzamentos participativos a escala nacional, de ter esa valentía, é dicir, os nosos veciños e as nosas veciñas portuguesas non só deciden na práctica totalidade das súas cidades sobre unha parte do orzamento municipal desde hai moitísimos anos, senón que agora tamén deciden en que queren investir unha parte do orzamento estatal, parece un sono, verdade?, pois é unha realidade e a poucos quilómetros de aquí.

E mentres aquí discutimos se nos gusta ou non nos gusta que dúas administracións se poñan de acordo para traer un Congreso á nosa cidade. O que acontece é que o PP sente un desprezo profundo e sistemático polo que é a esencia da democracia, atacan sistematicamente cada política nova, cada acción que supoña un cambio, quere manter o control do casarío das institucións, pero iso rematou, señores do Partido Popular. Atácanos por terra, mar e aire, sabíamos que ía ser así, e así foi desde o principio e o seguirá a ser.

Dixo o ex-presidente desta casa, o Sr. Diego Calvo, que á Marea agardáballe un ano de inferno, dixo tamén que el avalaría ao Sr. Casado para recuperar cousas que non sentiamos desde hai anos, supoño que se refire ás exaltacións máis propias doutra época, ou ás crispacións que están alimentando nas últimas semanas. Hai cousas nas que deberíamos coidarnos todos por saúde democrática, unha delas é darlle alas ao Partido Popular coas súas acusacións infundadas, non voltemos ao pasado, por favor, avancemos e poñamos as institucións ao servizo da xente.

Hai dez anos había gobernos en varios concellos, nesta Deputación e na Xunta de Galicia, coa mesma composición que aquí. A prensa de dereitas e as campañas agresivas do Partido Popular fixeron porque eses gobernos de progreso caesen, pero tamén fixo que caesen a covardía e o timoratismo á hora de defender políticas novas e de progreso que aqueles gobernos impulsaron. O 14 de setembro este goberno de progreso da Deputación foi un bipartito feble, non un goberno de progreso, así que escollan, política valentes e gobernos valentes, ou a comodidade de estar na oposición exercendo de Pepito Grillo. E un apunte, o día que, e agardemos que iso non aconteza, esteamos todos na oposición, porque isto vai por todos, o Goberno do PP non vai tratar á oposición como vostedes os están tratando, nin marcar criterio nin aceptar emendas, as queixas á quenda de rogos e preguntas.

Dito todo isto, e remato xa, cómpre agradecer a participación de todos os técnicos dos distintos concellos da provincia, e tamén desta Deputación, que participaron no Encontro Ibérico, nos debates, nas conferencias, nos talleres, que participaron activamente e me consta que aproveitaron e agradeceron que este Congreso tivera lugar. Moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

Antes de nada bos días, bos días especialmente aos traballadores de Alcoa, sinto que teñan que escoitar estas cousas, porque isto era un punto máis de debate, eu simplemente ía xustificar o noso voto, non ía meterme noutras historias que, evidentemente, teño que aclarar, e quería felicitar xa a Juan Corbacho pola súa intervención que si a les non é máis clara e máis contundente e máis lóxica.

Simplemente, non fun á Comisión, Sra. Delso, para aclararlle, porque non son membro da Comisión, iso xa punto un, foi un compañeiro meu. Non é un convenio máis, non é un convenio máis nin é un convenio normal, aquí uns vótanse a favor e outros vótanse en contra e noutros hai abstención por parte de Grupos, entón non é un convenio máis porque aquí estamos pagando viaxes, viaxes, e estamos pagando un fraccionamento de contrato, non é cuestión de covardías nin de valentías, é cuestión de legalidade, e vostede saltouna á toureira desde a súa Concellería, e non é o Partido Popular que a persegue, é que vostede está investigada por un Xulgado, iso é así de claro, un expediente seu, o do cárcere, e agora o dos pisiños, que tamén irá adiante esperemos porque é clarísimo. Entón leccións non ten vostede que dar a ninguén, botounos un rolo dun Encontro marabilloso que calquera que vexa as fotos verá que hai máis relatores que participantes, porque estaba totalmente baleiro, e que non cambiou nada o expediente. Nós non cuestionamos, o expediente non é o último parágrafo do interventor, o expediente é que non está xustificada nin a excepcionalidade. Vostede ten un millón de euros na súa Concellería de Participación Cidadá, en 2016 tiña cento e pico mil euros, multiplicouno por dez, e eu pídlle aos deputados provinciais que eses 30.000 euros vaian ao Concello da Coruña, por suposto tamén, pero a cubrir outros servizos e a axudar a entidades que o están pasando mal grazas ao seu goberno participativo.

Porque mire, voulle explicar, xustifican, que?, o gasto, facturas de viaxes, facturas de comidas, Viajes Halcón, non sei que,... nada máis, e tres consultorías, que é un fraccionamento de contrato chámase, que contrataron a dedo, contratos menores contra factura, e vouno explicar. Tres asistencias técnicas sen concorrancia, unha elaborar a proposta metodolóxica, outra elaborar a comunicación, e outra a secretaría técnica. Os funcionarios terán traballado moito pero desde logo a alguén lle pagaron para que fagan o traballo dos funcionarios, as tres a dedo, e superan o importe dun contrato menor, pagadas desde dúas Concellerías, a súa e a de Emprego, para que se note menos, porque seguramente que da outra maneira non podían facelo directamente.

Concretamente, a de secretaría e a de comunicación contrátanse a unha empresa por importe total, sumándoos, 18.148 euros, faltan dos euros para superar o límite de contrato menor, e a outra, a de coordinación, 7.260, entre as tres superano de abondo. Pero é que esta última déronlla a dedo, Cooperativa Cidadanía, déronlle a dedo os orzamentos participativos, cobraron 40.000 euros en 2017, 50.000 en 2018, negociado sen publicidade e vostedes fuxían e escapaban e lévano no seu programa electoral, en total máis de 100.000 euros. E, por certo, o seu compañeiro de ao lado saberá que a esta mesma Cooperativa 193.000 euros, fundada polo asesor de Martiño Noriega. Non conte contos, Sra. Delso, non conte contos para xustificar o que fan desde a súa Concellería, que o sabemos estupendamente no noso concello.

Aquí desde logo está fóra de lugar, eu isto cóntoo como anécdota, pola súa intervención, eu desde logo non ía soltar todo este rolo, pero si mantemos o informe e mantémonos no que di o interventor no seu informe, engadindo ademais que existe un fraccionamento de contrato, que o Concello de Coruña multiplicou por dez o orzamento de Participación Cidadá, ten un millón de euros, pode pagalo ben, e dedíqueno a outros servizos. Moitas grazas.

Sra. Sanmartin Rei

Moi bo día, compañeiros e compañeiras. Tamén quero saudar, como non podía ser doutra maneira, aos traballadores de Alcoa, e comentarlles que estamos con eles na súa loita e imos seguir apoiándoos tamén deste este conxunto de forzas que conformamos esta Corporación, e tamén quero saudar á presidenta da Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, que tamén nos acompaña por un punto que logo trataremos nas mocións por proposta da propia agrupación sobre o cambio de denominación do IES Calvo Sotelo.

Eu non tiña pensado intervir neste punto, mais por alusións da deputada de Marea Atlántica, quixera aclarar unha cuestión. O goberno desta Deputación o que ten intención sempre é de presentar sempre todos os expedientes perfectamente para poder ser finalmente aprobados por esta Corporación, e é por iso que non se fai absolutamente ningunha distinción desde logo entre este expediente e o expediente do resto dos 92 concellos da provincia cando teñen que presentar calquera tipo de cuestións. Non houbo neste caso máis que un expediente sobre o que, se había algunha dúbida, houbo ocasión en que o propio Grupo de goberno retirou o punto da orde do día para facer xustamente que os expedientes fosen mellor, se hai algunha dúbida preferimos deixalo, miralo e xustamente traelo mellor.

En calquera caso, xa digo, non hai ningún punto de discriminación co Concello da Coruña, non se lle pide algo diferente, pídeselle exactamente o mesmo que ao resto na tramitación, porque se fai desde a perspectiva administrativa e técnica dos servizos, só faltaba, pídeselle exactamente o mesmo. Entón iso quero que fiquen absolutamente claro, e en calquera caso nese Pleno a deputada puido, xustamente calquera dos membros do Grupo propoñente xustamente desta subvención, podería dicir, podería pedir a palabra e comentar que estaba perfectamente xustificado e dicir que quería que se mantivese, algo que non se fixo. Entendo que non hai ningún problema para volver e traer agora perfectamente documentado este expediente.

Quería simplemente que constase que non houbo ningún tipo de discriminación co Concello da Coruña.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP, acorda:

"1.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da

subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva:

A actividade subvencionada ao Concello da Coruña "IV Encontro Ibérico de Democracia e Orzamentos", está dentro dun proxecto que o Concello da Coruña está levando acabo nos últimos dous anos apostando pola democracia participativa e pola democracia directa a través da creación, deseño e posta en marcha dunha Concellería de Participación e Innovación Democrática.

- Por outra banda segundo a memoria presentada pola concello a natureza do "IV Encontro Ibérico de Democracia e Orzamentos", xustifican a concesión da subvención, dada a relevancia tan importante do evento xa que, estes encontros son eventos de carácter bianual que reúnen as principais experiencias en orzamentos participativos levados a cabo na Península Ibérica, mediante a coordinación das redes: Red de Ciudades Participativas e Rede de Autarquías Participativas que xorde nun contexto de exploración e afondamento nos mecanismos de participación da cidadanía a nivel das entidades locais.
- Cabe considerar, ademais, que o proxecto, pola envergadura e importes que implica, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

3º Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña con CIF P1503000J para cofinanciar "IV Encontro Ibérico de Democracia e Orzamentos Participativos" cunha achega provincial de 30.000,00 € con cargo á aplicación presupostaría 0510/462/76201, que representa un coeficiente de financiamento do 50% con respecto a un orzamento de 60.000,00 €.

4º No Expediente de modificación de crédito 2/2018 quedou incorporado crédito para atender o gasto previsto no convenio.

5º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

6º O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DA CORUÑA para cofinanciar "IV Encontro Ibérico de Democracia e Orzamentos Participativos"

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte,
da Coruña,

en representación da Deputación Provincial

E doutra parte,
CORUÑA

en representación do CONCELLO DA

1. Que a Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DA CORUÑA consideran de grande interese para a provincia potenciar o interese de diferentes entidades locais estatais por apostar por unha democracia participativa, con procesos que se traducen en novos xeitos de gobernar a través dos que a cidadanía poida recuperar o espazo público e desenvolver ferramentas e estratexias para intervir no contorno que lles rodea .
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DA CORUÑA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DA CORUÑA, CIF P1503000J, para o financiamento das “IV Encontro Ibérico de Democracia e Orzamentos Participativos”

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DA CORUÑA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Asistencia técnica para a elaboración proposta metodolóxica	7.260,00 €
Asistencia técnica para a elaboración da comunicación do encontro	8.349,00 €
Asistencia técnica para a execución da secretaría técnica	10.000,00 €
Retransmisión en streaming do evento	2.500,00 €
Servizo de tradución simultánea para o encontro	6.000,00 €
Honorarios das persoas relatoras e facilitadoras dos obradoiros	6.000,00 €
Viaxes+aloxamentos+manutención das persoas relatoras	19.891,00 €
TOTAL	60.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.000,00 o que representa unha porcentaxe de 50,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que

- represente o 50,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
 3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/462/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
 4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DA CORUÑA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
 5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DA CORUÑA o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DA CORUÑA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DA CORUÑA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DA CORUÑA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2018, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DA CORUÑA, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- 1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adjudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo

menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

4.- O CONCELLO DA CORUÑA estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1.-Memoria de actuación, subscripta polo representante legal do CONCELLO DA CORUÑA xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DA CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DA CORUÑA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre os días 1 de xullo de 2018 ata o 31 de xullo de 2018 e deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DA CORUÑA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DA CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e

na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DA CORUÑA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 do luns, 22 de xuño de 2015), poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DA CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONCELLO DA CORUÑA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DA CORUÑA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DA CORUÑA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DA CORUÑA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento

de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DA CORUÑA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1 O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 do luns, 22 de xuño de 2015)

3. Para os supostos de atrasos na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 do luns, 22 de xuño de 2015)

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCión S E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DA CORUÑA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DA CORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xullo de 2018 ata o 31 de xullo do ano 2018, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de novembro do ano 2018.

2. Para o caso de que o CONCELLO DA CORUÑA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 31 de outubro de 2018, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DA CORUÑA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DA CORUÑA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación da Coruña

O representante do CONCELLO DA CORUÑA"

7.-APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE MESÍA PARA FINANCIAR O PROXECTO "ACTIVIDADES NA AULA DA NATUREZA-MUSEO ETNOGRÁFICO DAS BRAÑAS DE VALGA".

O Pleno por unanimidade, acorda:

“1º.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva:

- As actividades propostas polo Concello de Mesía enmarcase na promoción económica, e segundo consta na motivación das razóns expostas polo Concello e xustifican a concesión da citada subvención dada a relevancia tan importante do lugar co obxecto de manter o pulso vital do municipio a través do funcionamento continuado deste espazo e realizar así unha grande variedade de actividades dirixidas, cada día, a toda a poboación e que satisfagan non só a súa alternativa de ocio senón que se convertan nunha forma de aprender.
- Segundo a memoria presentada pola concello a natureza do evento consiste converter este lugar nun referente para os centros educativos galegos, nun lugar onde complementar coñecementos e adquirir outro novos
- Así mesmo pretende recuperar contornos danados e a posibilidade de convertelos en lugares de interese para a poboación que poderá achegarse ao mundo da cerámica e a súa importancia histórica e social en Galicia
- Por outra banda o proxecto pola envergadura e importes que implica, excede dos parámetros das subvencións que veñen concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mesía con CIF P1504800B para financiar o proxecto “Actividades a realizar no funcionamento da Aula da Natureza no Museo Etnográfico das Brañas de Valga” que queda condicionado á aprobación do EMC 5/2018 cunha achega provincial de 50.558,64 € con cargo á aplicación presupostaria 0510/3336/46201, que representa un coeficiente de financiamento do 80 % con respecto a un orzamento de 63.198,30 €.

5º O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE MESÍA

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte,
da Coruña,

en representación da Deputación Provincial

E doutra parte,

en representación do CONCELLO DE MESÍA

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE MESÍA, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE MESÍA, CIF P1504800B**, para o financiamento das “*Actividades a realizar no funcionamento da Aula da Natureza no Museo Etnográfico das Brañas de Valga*”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE MESÍA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
GASTOS DE PERSOAL	50.558,64 €
Peón de xardinería	18.039,12 €
Peón de xardinería	18.039,12 €
Monitor de tempo libre	14.480,28 €
GASTOS CORRENTES	12.639,66 €
Material divulgativo e didáctico para visitas, exposicións, talleres, xornadas, etc.	1.100,00 €
Material para obradoiros, talleres, etc.	1.100,00 €
Cursos de cerámica, de utilización de materiais naturais, de modelado do barro, etc.	1.100,00 €
Conferencias e charlas	300,00 €
Produtos de limpeza	900,00 €
Electricidade e teléfono	2.100,00 €
Ferramentas de xardinería (materiais non inventariables)	1.038,71 €
Aboamentos, sementes e outros produtos para o mantemento das áreas axardinadas e zonas verdes	700,95 €

Alimentación e repoboación da fauna existente	1.100,00 €
Mantemento, reposición e conservación das instalacións e demais equipamento (pintado aulas, traballos de albanelería en vieiros, canalizacións acuíferas, etc.)	2.100,00 €
Material e traballos de reparación de fontanería, electricidade...	1.100,00 €
TOTAL	63.198,30 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 50.558,64 € (gastos de persoal) o que representa unha porcentaxe do 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/3336/46201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE MESÍA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE MESÍA o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE MESÍA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE MESÍA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE MESÍA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2018, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE MESÍA, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- 1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adjudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- 2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- 3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 4.- O CONCELLO DE MESÍA estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- 1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE MESÍA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MESÍA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE MESÍA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre os días 28 de novembro de 2018 ata o 27 de novembro de 2019 e deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE MESÍA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE MESÍA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MESÍA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MESÍA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONCELLO DE MESÍA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE MESÍA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE MESÍA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MESÍA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 do luns, 22 de xuño de 2015)

3. Para os supostos de atrasos na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 do luns, 22 de xuño do 2015)

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a

identificación do CONCELLO DE MESÍA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MESÍA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura , sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro do ano 2019, sempre e cando exista crédito para tal fin.**

2. Para o caso de que o CONCELLO DE MESÍA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de decembro de 2019**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE MESÍA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MESÍA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante do CONCELLO DE
MESÍA"

8.-APROBACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTO EN VÍAS PROVINCIAIS 2018 SEXTA FASE: MELLORA DA CAPA DE RODADURA CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE DP 4501 DA PICOTA A SAN XIÁN DE BEBA, PK 0+000 A PK 3+900.

O Pleno por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2018 SEXTA FASE cun orzamento total de 364.334,88.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/60900
18.1110.0015.0	MELLORA DA CAPA DE RODAXE CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE DP 4501 DA PICOTA A SAN XIÁN DE BEBA, P.K. 0+000 A P.K. 3+900	MAZARICOS	364.334,88

2.- Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia no prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

9.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 2 DO PROXECTO DP 0402 AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO E SEGURIDADE VIARIA NA DP 0402 ARES A CHANTEIRO (ARES). FASE I

O Pleno por unanimidade, acorda:

1. Aprobar o proxecto MODIFICADO Nº 2 DO PROXECTO DP 0402

AMPLIACION E MELLORA DO TRAZADO E SEGURIDADE VIARIA NA DP 0402 ARES A CHANTEIRO (ARES) FASE I CÓDIGO DA OBRA: 15.1110.0001.1, polo seu presuposto de contrata de 1.330.514,44 € que supón un incremento de 117.778,82 € respecto do primitivo.

2. Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras.

3. Condicionar a formalización en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, CONSTRUCCIONES J.MAURI E HIJOS, S.L., CIF: B-15.261.308, as modificacións do contrato que, aplicando a baixa de adxudicación supón un presuposto de adxudicación de 849.001,27€, o que representa unha diferenza de 75.154,67 € con respecto ao prezo de adxudicación, á dispoñibilidade dos terreos unha vez pagados os depósitos previos correspondentes e consignados na Caixa Xeral de Depósitos da Delegación Provincial de Economía e Facenda, os que non foran cobrados polos titulares

4. Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 3.105,54€, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación, previa a formalización do contrato, quedando por tanto fixada a garantía en 35.082,67 €."

10.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN E CESIÓN URBANÍSTICA AO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, DUNHA PARTE DO PREDIO SITUADO NA RÚA VISTA ALEGRE NÚM. 11 (LOCAL AS BRAÑAS DE SAN ANDRÉS/PELAMIOS).

O Pleno por unanimidade, acorda:

"O Pleno da Deputación da Coruña aprobou inicialmente, na súa sesión celebrada o pasado 27/07/2018 e transcorrido o prazo de información pública (BOP nº 148 do 6 de agosto de 2018), sen que se formulase contra o citado acordo, reclamación ou alegación ningunha, acórdase:

A) Aprobar definitivamente a segregación da seguinte parcela:

Concello de Santiago. Predio de 139,11 m2 destinado a camiño público que comunica a rúa Vista Alegre co Predio Simeón, en Santiago, e que discorre paralelo e ao longo do linde leste da propiedade da Deputación. Linda polo norte coa rúa Vista Alegre, polo sur co Predio Simeón (referencia catastral: 7185930NH3478E0001HH), polo leste co número 7 da rúa Vista Alegre (referencia catastral: 7185922NH3478E), e polo oeste co resto do predio matriz propiedade da Deputación (referencia catastral: 7185919NH3478E0001JH).

B) Aprobar definitivamente o expediente de desafectación da seguinte parcela:

Concello de Santiago; Predio de 139,11 m2 destinado a camiño público que comunica a rúa Vista Alegre co Predio Simeón, en Santiago, e que discorre paralelo e ao longo do linde leste da propiedade da Deputación. Linda polo norte coa rúa Vista Alegre, polo sur co Predio Simeón (referencia catastral: 7185930NH3478E0001HH), polo leste co número 7 da rúa Vista Alegre (referencia catastral: 7185922NH3478E), e polo oeste

co resto do predio matriz propiedade da Deputación (referencia catastral: 7185919NH3478E0001JH).

Que pasará a cualificarse como ben patrimonial para a súa posterior cesión ao Concello de Santiago aos usos que correspondan

C) Resto do predio matriz, propiedade da Deputación:

Descrición: Concello de Santiago, rúa Vista Alegre nº 11. Predio de 939,89 m² destinado a equipamento social sobre a que existen tres edificacións rehabilitadas e unidas entre elas, de andar baixo e alto, con predio na parte posterior. A superficie total construída ascende a 323,27 m² distribuída do seguinte xeito:

Andar baixo; superficie útil: 153,48 m²; superficie construída: 203,63 m²

Andar alto; superficie útil: 64,44 m²; superficie construída: 119,64 m²

Lindeiros: Linda polo norte coa rúa Vista Alegre, polo sur co predio Simeón, polo leste co predio segregado descrita no parágrafo anterior, e polo oeste cos seguintes predios:

a) Rúa Vista alegre nº 13, referencia catastral: 7185918NH3478E0001IH

b) Rúa Vista Alegre nº 15, referencia catastral: 7185917NH3478E0001XH

c) Rúa Salvadas nº 2, referencia catastral: 7185922NH3478E

d) Rúa Salvadas nº 4, referencia catastral: 7185932NH3478E0001AH

e) Rúa salvadas nº 8, referencia catastral: 7185933NH3478E0001BH

Título de propiedade: Compravenda a D. Francisco, D. Jaime, D. Ramón Varela Pereiro, Dña. Dolores Amboage Seijo e D. Adolfo Varela Amboage, segundo escritura outorgada polo notario D. José Iglesias Bouza o 09/04/2003 nº de protocolo 153.

Rehabilitada segundo o proxecto arquitectónico redactado por Sabín Díaz e Blanco Lorenzo, licenza de edificación 1750/2003 e acta de recepción final das obras de 02/03/2009 subscrita polos representantes da Deputación, os técnicos redactores e os responsables da súa execución.

D) Aprobar definitivamente o expediente de cesión de titularidade en favor do Concello de Santiago de Compostela do predio segregado e desafectado nos anteriores parágrafos A) e B)

E) Condicións da cesión.

1.- Que a parcela se dedique a dotación pública destinada a camiño público, debendo manterse o seu destino durante 30 anos.

2.- O Concello de Santiago realizará os trámites e, se é o caso, aboará os gastos derivados da correspondente inscrición ou inmatriculación da citada parcela no rexistro da propiedade así como no catastro, e aboará calquera tributo ou cantidade que puidese esixirse derivado da devandita cesión.

3.- No non previsto expresamente nas condicións de cesión, aplicarase o Regulamento de bens das entidades locais.

F) Facultar o presidente para executar todos os actos necesarios para o total cumprimento do presente acordo, incluída a sinatura da acta de entrega do ben e, se

é o caso, a súa elevación a escritura pública, e a modificación do inventario de bens de Deputación, unha vez cumpridos os requisitos establecidos nos parágrafos anteriores."

11.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN E O TEXTO DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE PARA COFINANCIAR AS OBRAS DO PROXECTO DE REORDENACIÓN CONTORNO RÚAS POLÍGONO E FRANCISCO AÑÓN.

O Pleno por unanimidade, acorda:

1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre para cofinanciar as obras de Reordenación do entorno Rúas Polígono e Francisco Añón cunha achega provincial de 59.101,25 euros con cargo á partida orzamentaria 0112/153.2/762.01 o que representa un coeficiente de financiamento do 79.9999 % respecto dun orzamento de 73.876,57 euros e **validar as actuacións**, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2019.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REORDENACIÓN CONTORNA RÚAS POLÍGONO E FRANCISCO AÑÓN.

Na Coruña, de _____ de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, deputado de _____ da Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, alcalde presidente do **Concello de Cambre**

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Co obxectivo que supón lograr unha accesibilidade integral, este convenio ten por obxecto colaborar para eliminar barreiras urbanísticas e da edificación en cidades e edificios. A contorna da rúa Polígono e a Rúa Francisco Añón, trátase dun lugar moi concorrido debido a que nel sitúanse o centro de saúde e unha gardería nas inmediacións da zona. As calzadas atópanse en mal estado e presenta discontinuidades que fan dos itinerarios peatonais lugares dificultosos para as persoas con mobilidade reducida.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Cambre** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o **Concello de Cambre** con CIF **P1501700G** para o financiamento das obras de “Reordenación da contorna rúas Polígono e Francisco Añón”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado pola enxeñeira técnica de Obras Públicas Municipais, Elena Bartolomé Delanoé.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

Orzamento execución material:	51.306,74 euros
Gastos xerais+beneficio industrial (19,00 %)	9.748,28 euros
IVE (21%)	12.821,55 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	73.876,57 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **59.101,25** euros o que representa unha porcentaxe de **79,99999%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o **79,99999%** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida orzamentaria **0112/153.2/762.01** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para o dito ano e a que existe na dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á súa aprobación polo órgano competente, un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57^a e 58^a das de execución do Orzamento para o ano 2018, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de comprobación de replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As **OBRAS** que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2015), lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño de 2015)
3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control

financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2015)

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2019**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 DE SETEMBRO DE 2019**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2020**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a

iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

12.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN E O TEXTO DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE IRIXOA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA COFINANCIAR AS OBRAS DE ABASTECIMENTO NA CELA-MÁNTARAS

O Pleno por unanimidade, acorda:

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a

iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o _____
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

14.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN E O TEXTO DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA FINANCIAR AS OBRAS DE REFORMA E ADECUACIÓN BEIRARRÚAS NA RÚA ANTÓN FRAGUAS.

O Pleno por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre para cofinanciar as obras do Reforma e Adecuación de beirarrúas na Rúa Antón Fraguas cunha achega provincial de 23.876,12 euros con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/153.2/762.01 o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00000 % respecto dun orzamento de 29.845,15 euros, e **validar as actuacións**, de conformidade co establecido no

artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2019.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA E ADECUACIÓN BEIRARRÚAS NA RÚA ANTÓN FRAGUAS

Na Coruña, ___ de _____ de 201__

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, deputado de _____ da Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, alcalde presidente do **Concello de Cambre**.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local

O municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Cambre considera de primeira necesidade **levar a cabo as actuacións seguintes:**

Estas obras garantirán, ademais da reforma do pavimento da calzada que se atopa en mal estado, a correcta evacuación das augas da marxe esquerda que non conta con

rede de pluviais. Asemade do anterior, a Praza José Luís Caso Cortines, en confluencia coa rúa Antón Fraguas, apréciase que tanto escaleiras como rampla ocupan a beirarrúa presentando un obstáculo para os peóns, non cumprindo coa normativa actual de accesibilidade, posto a elevación da pendente.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Cambre** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- 1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de **Cambre** con CIF **P1501700G** fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras “Reforma e adecuación das beirarrúas na rúa Antón Fraguas”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado pola enxeñeira Elena Bartolomé Delnaoë .

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento execución material:	20.727,24 euros
Gastos xerais 13,00%:	2.694,54 euros
Beneficio industrial 6,00 %:	1.243,63 euros
IVE (21%)	5.179,74 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	29.845,15 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENIAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **23.876,12** euros o que representa unha

porcentaxe do **80,00000%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00000%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/153.2/762.01** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á súa aprobación polo órgano competente, un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os

informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegárase a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.-A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57^a e 58^a das de execución do Orzamento para o ano 2018, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- **Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do **cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación da **colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria

autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2019**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2019**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2020**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo,

sen que se presente a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

15.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN E O TEXTO DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BERGONDO PARA EXECUTAR E FINANCIAR A OBRA NA DP 0801 DE FRAGA AO CASAL DE STA. MARTA DE BABÍO POR S. VICTORIO AMPLIACIÓN E SENDA, NO PK 0+000 AO 0+790. (BERGONDO). (EXPEDIENTE: 2018000030351) E DA OBRA DE EXECUCIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS NA DP 0801 DE FRAGA AO CASAL DE STA. MARTA DE BABÍO POR SAN VICTORIO DO P.Q. 0+790 (CONCELLO DE BERGONDO).

O Pleno por unanimidade, acorda:

"Aprobar o texto e a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Bergondo para a execución e financiamento da obra na DP 0801 da Fraga ao Casal de Sta. Marta de Babío por S. Victorio ampliación e senda, no p.k. 0+000 ao 0+790 (Bergondo) (expediente: 2018000030351) e da obra de execución de servizos municipais na DP 0801 da Fraga ao Casal de Sta. Marta de

Babio por S. Victorio do p.q. 0+790 (Concello de Bergondo), cunha achega municipal de 139.850,45 € IVE.

A efectividade do presente convenio quedará supeditada á aprobación do proxecto por parte do Concello de Bergondo e á existencia de crédito adecuado e suficiente, para cuxos efectos o citado Concello remitirá á Deputación provincial o documento contable correspondente.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BERGONDO PARA A EXECUCIÓN E FINANCIAMENTO DA OBRA NA DP 0801 DE FRAGA AO CASAL DE STA. MARTA DE BABIO POR S. VICTORIO AMPLIACIÓN E SENDA, NO P.K. 0+000 AO 0+790 (BERGONDO) (Expediente: 2018000030351) E DA OBRA DE EXECUCIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS NA DP 0801 DE FRAGA AO CASAL DE STA. MARTA DE BABIO POR S. VICTORIO DO P.Q. 0+790 (CONCELLO DE BERGONDO)

Na Coruña, de de 2018

REUNIDOS

Dunha parte o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Valentín González Formoso.

E doutra parte a alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo, Alejandra Pérez Máquez.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

1.- A Deputación Provincial da Coruña, en sesión plenaria celebrada o 28 de setembro de 2018, aprobou o plan de investimento en vías provinciais 2018 quinta fase e inicio dos trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras DP 0801 de Fraga ao Casal de Sta. Marta de Babío por S. Victorio. Ampliación e senda no PQ 0+000 ao 0+790 (Bergondo), cun orzamento de 318.332,61 euros.

2.- Pola súa parte o Pleno do Concello de Bergondo, en sesión ordinaria celebrada o 31 de maio de 2018 aprobou a proposta para a formalización dun convenio para o proxecto de ampliación e senda na DP – 0801 de Fraga ao Casal de Sta. Marta de Babio por S. Victorio do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+790, sendo procedente a sinatura do convenio xa que as estradas ás que fai referencia o proxecto son de ámbito da Deputación.

3.- O Concello de Bergondo acorda na mesma sesión plenaria solicitar da Deputación a sinatura dun convenio para a execución das obras e, para una mellor coordinación destas, sobre todo no ámbito de seguridade da propia obra.

4.- O concello comprométese a achegar a contía de 139.850,45 euros correspondentes á “Execución de servizos municipais na DP – 0801 de FRAGA AO CASAL DE STA. MARTA DE BABIO POR S. VICTORIO DO P.Q. 0+790 (conforme ao detalle da cláusula cuarta).

5.- Así mesmo, no citado acordo plenario, delégase a contratación na Deputación.

6.- O 12 de setembro de 2018 o Servizo de Vías e Obras informa favorablemente sobre a viabilidade desta proposta, dado que se procedeu a descompoñer o proxecto inicial, de tal forma, que se remite para a súa aprobación polo Pleno dentro do Plan de Vías Provinciais, o proxecto correspondente á ampliación e execución da senda no citado tramo da estrada provincial. Indica ademais que o proxecto de servizos municipais, cuxa execución debe ser simultánea coas obras de ampliación, haberán de ser obxecto do correspondente convenio co Concello de Bergondo.

7.- Proponse polo Servizo de Vías e Obras que a obra en cuestión se inclúa na QUINTA FASE DO PLAN DE VIAS PROVINCIAIS 2018.

8.- A Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Bergondo consideran necesario coordinar as súas actuacións para executar as obras incluídas nos ditos proxectos, pois deste xeito se poderían executar simultaneamente as obras de execución de servizos municipais e os traballos da obra da Deputación, optimizando custes, simplificando a execución e reducindo os tempos de execución.

Por todo o exposto acordan formalizar o presente CONVENIO conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente CONVENIO ten por obxecto coordinar as actuacións entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Bergondo con CIF P1500800F, para a execución das seguintes obras:

1.- Plan de investimento en vías provinciais 2018 quinta fase e inicio dos trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras DP 0801 da Fraga ao Casal de Sta. Marta de Babío por S. Victorio. Ampliación e senda no PQ 0+000 ao 0+790 (Bergondo), cun orzamento de 318.332,61 euros

2.- Execución de servizos municipais na DP – 0801 da FRAGA AO CASAL DE STA. MARTA DE BABIO POR S. VICTORIO DO P.Q. 0+790

Segunda. Expropiacións

É preciso, dado que non existe dispoñibilidade de terreos, que se tramite expediente de expropiación para a tramitación do presente convenio. Tanto na proposta de inclusión da obra no Plan como a acta de replanteo previa, así como na ficha onde se conteñen todos, se indica a necesidade da expropiación dos terreos necesarios para a súa execución, polo que no proxecto técnico desta obra se inclúen os planos parcelarios, a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, así como o detalle das cantidades e previos e a súa valoración total.

Terceira. Contratación das obras

A Deputación, unha vez aprobado polo órgano competente e formalizado o presente convenio, contratará, mediante procedemento aberto e conforme aos seus pregos-tipo, a execución das obras incluídas en ambos proxectos, de forma conxunta e nun único lote, a fin de que a súa execución se realice de maneira coordinada e así optimizar custes, simplificar a execución e reducir tempos de execución.

Cuarta.- Orzamento das obras

Os orzamentos de execución de ambas obras son os seguintes:

1.- Plan de investimento en vías provinciais 2018 Quinta Fase e inicio dos trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras DP 0801 da Fraga ao Casal de Sta. Marta de Babío por S. Victorio. Ampliación e senda no PQ 0+000 ao 0+790 (Bergondo), cun orzamento de 318.332,61 euros.

CÓDIGO 18.1110.0012.0 - NA DP 0801 DE FRAGA AO CASAL DE STA. MARTA DE BABIO POR S. VICTORIO AMPLIACIÓN E SENDA, EN EL P.K. 0+000 AO 0+790 (BERGONDO) (Expediente: 2018000030351)	
Orzamento execución material	221.079,66
Gastos xerais (13%)	28.740,36
Beneficio industrial (6%)	13.264,78
IVE (21%)	55.247,81
Orzamento execución por contrata	318.332,61

2.- Execución de servizos municipais na DP – 0801 da FRAGA AO CASAL DE STA. MARTA DE BABIO POR S. VICTORIO DO P.Q. 0+790, cun orzamento de 106.159,45 euros.

Orzamento execución material	73.726,96
Gastos xerais (13%)	9.584,50
Beneficio industrial (6%)	4.423,62
IVE (21%)	18.424,37
Orzamento execución por contrata	106.159,45
Coordinación de seguridade e saúde	1.105,90
Control de calidade	737,27
Liquidación	10.615,94
Reformados	21.231,89
TOTAL	139.850,45

Quinta. Financiamento das obras:

As obras financiaranse do seguinte modo:

1.- Plan de investimento en vías provinciais 2018 quinta fase e inicio dos trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras DP 0801 da Fraga ao Casal de Sta. Marta de Babío por S. Victorio. Ampliación e senda no PQ 0+000 ao 0+790 (Bergondo), cun orzamento de 318.332,61 euros

A Deputación Provincial da Coruña financiará o 100% do seu orzamento de execución, con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4531/609.00

O importe das baixas que se produzan na adxudicación ou execución desta obra minorará a achega da Deputación.

Calquera incremento derivado de modificacións, liquidacións ou por calquera outro concepto, será aboado pola Deputación.

2.- - Execución de servizos municipais na DP – 0801 da FRAGA AO CASAL DE STA. MARTA DE BABIO POR S. VICTORIO DO P.Q. 0+790, cun orzamento de 139.850,45 euros.

O Concello de Bergondo financiará o 100 % do seu orzamento de execución por contrata, ata un máximo de 139.850,45 €, que se aboará conforme ao establecido na cláusula VI do presente convenio. O importe das baixas que se produzan na adxudicación ou execución desta obra minorará a achega do concello.

O compromiso do concello reflectirase no código da partida de ingresos da Deputación provincial 762.01

Calquera incremento derivado de modificacións, liquidacións ou por calquera outro concepto, será aboado polo Concello de Bergondo.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

O Concello de Bergondo autoriza á Deputación para consultar os datos correspondentes á acreditación do cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

Sexta. Pago

A Deputación aboará ao contratista adxudicatario das obras o prezo do contrato a medida que se vaian expedindo e aprobando as correspondentes certificacións de obras, acompañadas das respectivas facturas, conforme ao establecido no prego de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación das obras mediante procedemento aberto da Deputación.

A Deputación remitirá ao Concello de Bergondo as certificacións de obras correspondentes ao proxecto de execución de servizos municipais na DP – 0801 da FRAGA AO CASAL DE STA. MARTA DE BABIO POR S. VICTORIO DO P.Q. 0+790, acompañadas das respectivas facturas para que proceda ao ingreso do seu importe, na conta que sinala a Deputación, no prazo máximo dun mes dende a remisión das citadas certificacións. ASÍ MESMO, REMITIRANSE AS FACTURAS CORRESPONDENTES Á COORDINACIÓN DA SEGURIDADE E SAÚDE E O CONTROL DE CALIDADE.

Sétima. Dirección das obras. Coordinación Seguridade e saúde.

A Dirección das obras realizaraas o persoal dos servizos técnicos da Deputación e esta asumirá, no seu caso, os gastos que diso se deriven.

A Deputación levará a cabo así mesmo, mediante medios propios ou servizos externos, a coordinación de seguridade e saúde, e o control de calidade e asumirá, no seu caso, os gastos que diso se deriven, REPERCUTINDO AO CONCELLO OS IMPORTES PAGOS POR ESTE CONCEPTO NO RELATVO AO PROXECTO MUNICIPAL E QUE A CONTINUACIÓN SE DESAGREGAN:

- COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE _____ 1.105,90 €
- CONTROL DE CALIDADE _____ 737,27 €

Oitava. Acta de Recepción.

Notificarase ao Concello de Bergondo, coa debida antelación, a data de formalización da acta de recepción das obras, para que asista, se o considera conveniente, un técnico designado pola alcaldesa de Bergondo.

Novena.- Acta de entrega

A Deputación, unha vez formalizada a acta de recepción da obra de “Execución de servizos municipais na DP – 0801 da FRAGA AO CASAL DE STA. MARTA DE BABIO POR S. VICTORIO DO P.Q. 0+790”, entregará ao Concello de Bergondo as citadas obras para a súa adscrición aos servizos de titularidade municipal, para cuxos efectos se formalizará a correspondente acta de entrega. A partir da dita entrega o concello farase cargo dos gastos de conservación e mantemento das citadas obras e instalacións.

Décima.-Comisión de seguimento.

Constituirase unha comisión de seguimento formada por catro vogais, a razón de dous membros por cada unha das Institucións asinantes do presente convenio, designados polos seus respectivos presidentes, ao obxecto de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio.

Undécima.- Vixencia

O presente convenio terá vixencia desde a data da súa sinatura ata a finalización das obras e formalización da acta de entrega da obra ao Concello e en todo caso ata o 31 de outubro de 2019. No entanto, este prazo poderá prorrogarse por causas xustificadas e en especial tendo en conta o prazo de execución da obra. Todo iso condicionado á aprobación definitiva dos proxectos correspondentes pola Deputación provincial e polo órgano competente do Concello de Bergondo, á dispoñibilidade dos terreos mediante expropiación en tramitación e á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

Duodécima.- Eficacia do convenio

A eficacia do presente convenio quedará supeditada á existencia de crédito adecuado e suficiente, para cuxos efectos o citado concello remitirá á Deputación provincial o documento contable correspondente.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo acordo plenario en sesión ordinaria do _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

16.- APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN E O TEXTO DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OLEIROS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA FINANCIAR AS OBRAS DA 1º FASE DO PARQUE COSTEIRO METROPOLITANO DE BASTIAGUEIRO.

O Pleno por unanimidade, acorda:

1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros para cofinanciar as obras da 1º fase do Parque Costeiro Metropolitano de Bastiagueiro cunha achega provincial de 130.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/171.1/762.01, o que representa un coeficiente de financiamento do 77,60029 % respecto dun orzamento de 167.525,15 euros, e **validar as actuacións**, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2019.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OLEIROS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DA 1ª FASE DO PARQUE COSTEIRO METROPOLITANO DE BASTIAGUEIRO

Na Coruña, __ de _____ de 201__

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, deputado de _____ da Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, alcalde presidente do **Concello de Oleiros**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias:

- a) Urbanismo: plan, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.
- b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, luminosa e atmosférica nas zonas urbanas.
- c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.
- d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.
- e) Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.
- f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.
- g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.
- h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.
- i) Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.
- j) Protección da salubridade pública.
- k) Cemiterios e actividades funerarias.
- l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.
- m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.
- n) Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas administracións educativas correspondentes na obtención dos predios necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sustentable das tecnoloxías da información e as comunicacións.

o) Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.

Neste sentido, o Concello de Oleiros considera de primeira necesidade a recuperación do espazo costeiro, entre Santa Cruz e Perillo, declarado zona verde protexida, e que abarca unha extensión de 180.000 m², para o uso e desfrute dos millares de cidadáns da comarca da Coruña que se achegan aos areas de Bastiagueiro, Santa Cruz e Naval, seleccionados como lugares preferentes como destino de ocio ou vacacional, durante o período estival.

Na actualidade, o Concello procedeu á expropiación de 70.000 m² de solo costeiro, sen colaboración ningunha da Comunidade Europea, o Estado ou a administración autonómica.

Este espazo natural, situado tras a praia de Bastiagueiro Pequeno, quérese ordenar de igual xeito que se fixo coa contorna de Naval, Santa Cruz e a glorieta de Nirvana (parque situado nas inmediacións da estatua do Che Guevara), converténdoo nun lugar de ocio e paseo dos veciños situado nun marco costeiro incomparable.

Con tal motivo preténdese por parte do Concello realizar nesta primeira fase as seguintes actuacións, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

-Movemento de terras para a suavización de pendentes.

-Acondicionamento do camiño de baixada á praia para o acceso rodado de maquinaria de mantemento, executado en grava-cemento, cun ancho de 4 m e coa preinstalación de canalizacións para futuros servizos de alumeado, electricidade e subministración de auga, así como a execución dunha cuneta de drenaxe lonxitudinal. Prevese a construción dun muro dique no tramo final do camiño, en ambas marxes.

-Execución de sendas peonís en xabre-cemento, de dous m de ancho, con continuidade sobre o acceso rodado á praia mediante unha pasarela de madeira.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Oleiros** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Oleiros**, con CIF **P1505900I**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das **“1ª Fase do Parque Costeiro Metropolitano de Bastiagueiro”**, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado pola **enxeñeira municipal María Isabel María Freire Ramos**.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano

competente. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

Orzamento execución material:	116.344,99 euros
Gastos xerais 13,00%	15.124,85 euros
Beneficio industrial 6,00 %	6.980,70 euros
IVE (21%)	29.074,61 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	167.525,15 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **130.000,00 euros** o que representa unha porcentaxe do **77,60029 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 77,60029 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se consegue rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/171.1/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para o

dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á súa aprobación polo órgano competente, un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57ª e 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2018, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2019**. Dado que a

existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2019**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2020**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

XV.- EFICACIA DO CONVENIO

A eficacia do presente convenio quedará supeditada á obtención por parte do Concello das autorizacións e licenzas preceptivas necesarias para a execución das

obras por parte dos organismos competentes (Demarcación de Costas de Galicia na Coruña e Delegación Territorial da Coruña, Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Servizo de Urbanismo da Xunta de Galicia) e a súa achega a esta Deputación provincial.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o _____
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

17.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA DENOMINADA “MELLORA DA CONTORNA DA IGREXA PARROQUIAL E DA CASA REITORAL DE SAN PEDRO DE CORCOESTO”, DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2017 CO CÓDIGO 2017.3290.0310.0, E APROBACIÓN DEFINITIVA DA OBRA.

O Pleno por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Cabana de Bergantiños do proxecto modificado do investimento denominado “Mellora da contorna da igrexa parroquial e da casa reitoral de San Pedro de Corcoesto”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3290.0310.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 22137 do 7 de xullo de 2017, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento

Tendo en conta que mediante a Resolución da Presidencia desta corporación provincial núm. 2017/22967, do 14 de xullo de 2017, considerouse cumprida a condición establecida no último parágrafo do apartado 1 do dito acordo plenario do 8 de xuño de 2017, por ter presentado o informe favorable da súa interventora municipal para a solicitude de préstamo provincial dentro do POS+ 2017

Tendo en conta que, de acordo co disposto no apartado 2 do citado acordo do 8 de xuño de 2017, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este investimento do Concello de Cabana de Bergantiños cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	FINANCIAMENTO			Condicions que se van realizar
			Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento Total	
2017.3290.0310.0	Cabana de Bergantiños	Mellora contorna igrexa parroquial e casa reitoral San Pedro de Corcoesto	60.532,86	0,00	60.532,86	-Autorización D. X. Patrimonio Cultural -Autorización Augas de Galicia -Acreditación dispoñibilidade dos terreos

Logo de presentar o Concello de Cabana de Bergantiños a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 21 de marzo de 2017, que autoriza a intervención solicitada, a Resolución de Augas de Galicia do 20 de xuño de 2018, que contén unha serie de condicións para autorizar a obra que non se cumpren co proxecto inicialmente aprobado, así como unha certificación emitida pola secretaria municipal acreditativa de que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución deste proxecto modificado

Logo de aprobar o concello, en setembro de 2018, un proxecto modificado deste investimento que non está adxudicado e que, aínda que non varía o seu orzamento total, supón con respecto do proxecto inicialmente aprobado unha variación superior ao 30% das partidas internas de execución material e un cambio de trazado da obra, para dar cumprimento aos condicionantes impostos pola Dirección de Augas de Galicia do 20 de xuño de 2018 e ás correccións de erros materiais de carácter técnico e aclaracións solicitadas por esta deputación

Tendo en conta que este proxecto modificado supervisouno favorablemente o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2017, aprobadas polo Pleno desta deputación o 25 de novembro de 2016 e publicadas no BOP número 226, do 29 de novembro de 2016

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado da obra “Mellora da contorna da igrexa parroquial e casa reitoral San Pedro de Corcoesto”, do Concello de Cabana de Bergantiños, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 17.3110.0310.0, que aínda non está adxudicada, e que a aprobou o concello o 19 de setembro de 2018, en relación co acordo plenario do 30 de agosto de 2018, despois dos informes favorables, para dar cumprimento aos condicionantes impostos pola Dirección de

Augas de Galicia do 20 de xuño de 2018 e ás correccións de erros materiais de carácter técnico e aclaracións solicitadas por esta deputación, e que aínda que non supón variación do seu orzamento total, representa unha modificación superior ao 30% das partidas internas de execución material e un cambio de trazado da obra con respecto ao proxecto inicialmente aprobado:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento Total
2017.3290.0310.0	Cabana de Bergantiños	Mellora contorna igrexa parroquial e casa reitoral de San Pedro de Corcoesto	60.532,86	0,00	60.532,86

2.- Considerar cumpridas as condicións ás que foi sometida esta obra, segundo o apartado 2 do acordo plenario desta deputación do 8 de xuño de 2017, polo que se aprobou o POS+ 2017, consistente na obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e de Augas de Galicia, así como da constatación da dispoñibilidade dos terreos, toda vez que o Concello de Cabana de Bergantiños presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento e en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento incluído no POS+ 2017.

3.- Notificarlle esta Resolución ao Concello de Cabana de Bergantiños para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución desta obra incluída no POS+ 2017."

18.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “ADECUACIÓN DE RÚAS EN GURES”, DO CONCELLO DE CEE, INCLUÍDA NA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) ADICIONAL 1/2016 CO CÓDIGO 2016.2101.0326.0

O Pleno por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015 e o acordo plenario provincial do 26 de febreiro de 2016 (BOP núm. 41 do 2 de marzo de 2016), que aprobou o POS 2016 e o seu Plan complementario

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta deputación provincial núm. 2017/28408, do 12 de setembro de 2017, pola que se aproba a segunda fase do POS Adicional 1/2016, no que se inclúe, entre outras, a obra do concello de Cee denominada “Adecuación de rúas en Gures”, co código 2016.2101.0326.0, que estaba financiada integramente por esta deputación e foi adxudicada polo concello con baixa de licitación

Logo de presentar o Concello de Cee un proxecto modificado desta obra, con incremento do seu orzamento que é financiado integramente polo concello, así como á vista dos informes técnicos e xurídicos favorables xustificativos da modificación do proxecto, a conformidade do representante da empresa adxudicataria e a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente do concello

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Cee denominada "Adecuación de rúas en Gures", incluída na 2ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) Adicional 1/2016, co código 2016.2101.0326.0, que foi aprobada definitivamente pola Resolución da Presidencia desta Deputación núm. 2017/28408, do 12 de setembro de 2017, en relación co acordo plenario do 26 de febreiro de 2016 (BOP núm. 41 do 2 de marzo de 2016), despois dos informes técnico e xurídicos favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria, o proxecto modificado ten un incremento do seu orzamento que é asumido integramente polo concello de Cee tal e como se indica na seguinte táboa, dado que a achega provincial minorouse despois da adxudicación realizada:

Adecuación de Rúas en Gures Concello de Cee Código: 2016.2101.0326.0	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
	Contrata	Adxudicación		
Deputación	30.225,30	30.222,28	30.222,28	0,00
Concello	0,00	0,00	3.022,77	3.022,77
Total	30.225,30	30.222,28	33.245,05	3.022,77

O pago da achega provincial a esta obra farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial."

19.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO DENOMINADO "ACCESOS COLEXIO O CRUCE E OUTROS", DO CONCELLO DE CERCEDA, INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2018 CO CÓDIGO 2018.2000.0166.0

O Pleno por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Cerceda do proxecto modificado do investimento denominado "Accesos Colexio O Cruce e outros", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, co código 2018.2000.0166.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/21270, do 14 de xuño de 2018, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 no que se inclúe este investimento

Logo de presentar o Concello de Cerceda un proxecto modificado deste investimento, aprobado polo órgano competente do concello despois dos informes favorables xustificativos da modificación

Tendo en conta que este investimento non está adxudicado e que o concello asume integramente o incremento do orzamento total do proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2018, aprobadas polo Pleno desta deputación o 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP número 188, do 3 de outubro de 2017

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado do investimento do Concello de Cerceda denominado "Accesos Colexio O Cruce e outros", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, co código 2018.2000.0166.0, que foi aprobado polo Pleno desta deputación na sesión realizada o día 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/21270, do 14 de xuño de 2018, tendo o proxecto modificado un orzamento de contrata superior ao do proxecto inicial, e asumindo integramente o concello o incremento de orzamento tal e como se indica na seguinte táboa:

Accesos Colexio O Cruce e outros Concello de Cerceda Código: 2018.2000.0166.0	Proxecto Inicial	Proxecto modificado	DIFERENZA
	Contrata	Contrata	
Deputación	82.241,44	82.241,44	0,00
Concello	16.706,61	122.383,63	105.677,02
Total	98.948,05	204.625,07	105.677,02

O pago da achega da deputación a este investimento farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/1536/76201 do vixente orzamento provincial."

20.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA DENOMINADA “CAMIÑO EN HEDRA (ARDEMIL) E OUTROS”, DO CONCELLO DE ORDES, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2016 CO CÓDIGO 2016.2100.0125.0

O Pleno por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Ordes do proxecto modificado do investimento denominado “Camión en Hedra (Ardemil) e outros”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 co código 2016.2100.0125.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 26 de febreiro de 2016, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2016), no que se inclúe este investimento

Tendo en conta que, segundo o disposto no apartado 2 do citado acordo do 26 de febreiro de 2016, a aprobación definitiva deste investimento quedou condicionada á xustificación da obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e que despois de que o concello achegara esta documentación, mediante a Resolución de Presidencia número 2016/8122 do 15 de abril de 2016, declarouse cumprida a condición e, en consecuencia, considerouse definitivamente aprobada a dita obra

Logo de que o Concello de Ordes adxudicara esta obra mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 23 de setembro de 2016 á empresa “Obras y Viales de Galicia SL”, co NIF B15608193, con baixa de licitación que se distribuíu entre o concello e a deputación aplicando o criterio de imputación de baixas aprobado por esta Deputación, de forma que o seu financiamento quedou como segue:

		Contrata	Adxudicación	Baixa
Camiño en Hedra (Ardemil) e outros Concello de Ordes POS 2016 (código: 2016.2100.0125.0)	Deputación	97.528,30	77.420,00	20.108,30
	Concello	0,00	0,00	0,00
	Total	97.528,30	77.420,00	20.108,30

Logo de presentar o Concello de Ordes un proxecto modificado desta obra, sen variación do seu orzamento total pero que modifica o trazado previsto no proxecto inicialmente aprobado

Logo de ver os informes técnico e xurídicos favorables xustificativos da modificación do proxecto inicial, a conformidade do representante da empresa adxudicataria e a certificación acreditativa da súa aprobación polo concello

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2016, aprobadas polo Pleno desta deputación o 8 de outubro de 2015 e publicadas no BOP número 196, do 14 de outubro de 2015

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Ordes denominada “Camiño en Hedra (Ardemil) e outros”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, co código 2016.2100.0125.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 26 de febreiro de 2016, en relación coa Resolución de Presidencia número 2016/8122 do 15 de abril de 2016, que a aproba definitivamente, tendo o proxecto modificado un orzamento de contrata idéntico ao do proxecto inicial, pero que experimenta unha modificación do seu trazado, cos datos de financiamento que se indican na seguinte táboa:

Camiño en Hedra (Ardemil) e outros Concello de Ordes POS 2016 (código: 2016.2100.0125.0)	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
	Contrata	Adxudicación	Adxudicación	
Deputación	97.528,30	77.420,00	77.420,00	0,00
Concello	0,00	0,00	0,00	0,00
Total	97.528,30	77.420,00	77.420,00	0,00

O pago da achega da deputación a esta obra farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

2.- Comunicarlle ao Concello de Ordes a aprobación deste proxecto modificado da obra para o seu coñecemento e para os efectos oportunos."

21.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA DENOMINADA “REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME”, FINANCIADA MEDIANTE O CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME, E MODIFICACIÓN DO PRAZO DE VIXENCIA DO CONVENIO

O Pleno por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación do 27 de novembro de 2015 relativo á aprobación do Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume para o financiamento da obra denominada “Rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume”.

Logo de ver os acordos do Pleno da Deputación dos días 29/06/2016 e 30/09/2016 polos que se aproban modificacións deste convenio

Logo de ver a Resolución de Presidencia 25678/2016 do 3/11/2016 pola que se levanta a condición de acreditación de dispoñibilidade dos terreos á que fora sometida a aprobación deste convenio

Logo de ver que por Resolución da Presidencia desta Deputación número 35849 do 15 de novembro de 2017, concédese unha prórroga do prazo de xustificación do convenio ata o 30 de novembro de 2018

Logo de ver a documentación presentada polo Concello de Pontedeume relativa a modificación do proxecto, que conta cos informes técnicos e xurídicos favorables

Logo de ver a segunda addenda a este convenio asinada o 21 de setembro de 2018, na que se realizan reaxustes internos nas anualidades das achegas das tres administracións cofinanciadoras, sen variar os importes totais, e na que se establece un prazo de vixencia do convenio ata o 30 de decembro de 2019

1.- Considerar que neste expediente existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

Aprobar a modificación do proxecto da obra denominada “Rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume”, do Concello de Pontedeume, financiada mediante o Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume, posto que o proxecto modificado non representa unha variación no seu orzamento total respecto do proxecto técnico inicial, nin cambia o seu obxecto nin a súa finalidade, aínda que inclúe modificacións internas das partidas do seu orzamento.

Os importes totais das achegas das tres administracións cofinanciadoras, calculadas sobre orzamento de contrata e de adxudicación, son as que de seguido se indican:

ADMINISTRACIÓN	PORCENTAXE (%)	ORZAMENTO DE CONTRATA	ORZAMENTO DE ADXUDICACIÓN	BAIXA
Consellería de Economía, Emprego e Industria	33,33 %	531.638,00	423.248,11	108.389,89
Concello de Pontedeume	35,17%	560.878,77	446.613,74	114.265,03
Deputación Provincial da Coruña	31,50 %	502.398,23	400.009,47	102.388,76
TOTAL		1.594.915,00	1.269.871,32	325.043,68

2.- De conformidade co disposto na segunda addenda ao convenio, establécese que o prazo de vixencia do convenio remata o 30 de decembro de 2019

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

3.-O financiamento da achega provincial a este convenio realízase con cargo á partida 0430/4314/76201 do vixente orzamento provincial."

22.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE TERMINACIÓN DA OBRA "PAVIMENTACIÓN CAMIÑOS DA FRAGA-PENALONGA-AC861 E OUTROS" DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO, INCLUÍDA NO POS+2017 (2017.3110.0244)

O Pleno por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de San Sadurniño do proxecto de terminación do investimento denominado "Pavimentación camiños da Fraga-Penalonga-AC861 e outros", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos concellos) POS+2017, co código 2017.3110.0244.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación, adoptado na sesión realizada o día 8 de xuño de 2017 en relación coa Resolución de Presidencia da Deputación número 22137 do 7/07/2017, de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos concellos) POS+2017, no que se incluíu, entre outras, a obra do Concello de San Sadurniño denominada "Pavimentación camiños da Fraga-Penalonga-AC861 e outros"

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos concellos) POS+2017, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o 25 de novembro de 2016 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 226 do 29 de novembro de 2016

Logo de que o Concello de San Sadurniño adxudicara a execución desta obra, e logo de que posteriormente resolvera o correspondente contrato estando as obras parcialmente executadas

Logo de presentar o Concello de San Sadurniño un proxecto modificado para a terminación desta obra, cun orzamento de contrata de 62.302,63 €, que coincide coa achega provincial dispoñible para o seu financiamento, así como os informes favorables emitidos, as autorizacións outorgadas, e a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto de terminación da obra do Concello de San Sadurniño denominada "Pavimentación camiños da Fraga-Penalonga-AC861 e outros", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan

único dos concellos) POS+2017, co código 2017.3110.0244.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o 8 de xuño de 2017 en relación coa Resolución de Presidencia da Deputación número 22137 do 7/07/2017, cun orzamento de contrata de 62.302,63 €, estando orixinado este proxecto de terminación pola necesidade de recoller as obras pendentes de executar, aínda que eliminando dous dos camiños inicialmente contemplados no proxecto inicial para axustarse ao importe dispoñible de achega provincial para esta obra.

2.- Despois da resolución de contrato desta obra parcialmente executada, e da aprobación deste proxecto de terminación, a obra desagregase en dúas fichas de obra: unha ficha co código 17.3110.0244.0 correspondente á obra executada polo primeiro contratista; e outra ficha co código 17.3110.0244.2 para o proxecto de terminación que vai ser obxecto dunha nova adxudicación.

Os datos desta obra financiada integramente pola deputación quedan como segue:

Concello Código	Denominación	Obra 1º contrato 17.3110.0244.0		Proxecto Terminación 17.3110.0244.2
		Contrata	Adxudicación	
San Sadurniño 17.3110.0244	Pavimentación camiños da Fraga-Penalonga-AC861 e outros	13.069,68	8.359,37	62.302,63

O financiamento da achega provincial a esta obra realizarase con cargo á partida 0430/4539/76201 do vixente orzamento provincial."

23.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA DENOMINADA “ABASTECIMENTO AUGA A MARBÁN E SEIXAS” DO CONCELLO DAS SOMOZAS, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2018 CO CÓDIGO 2018.2000.0303.0, E APROBACIÓN DEFINITIVA DESTA OBRA.

O Pleno por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do POS+2018, aprobadas polo Pleno desta deputación o día 29 de setembro de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188, do 3 de outubro de 2017

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación do 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018

Logo de ver que no anexo V a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+2018 con cargo á achega 2017, no que figura, entre outras, a obra do Concello das Somozas denominada “Abastecemento de auga a Marbán e Seixas”, co código 2018.2000.0303.0 coa condición da presentación da autorización do Servizo de Vías e Obras da Deputación

Logo de presentar o Concello das Somozas un proxecto modificado desta obra, coa finalidade de adaptar o proxecto da obra ás condicións contidas no informe emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación respecto ao proxecto primitivo, sen variación no seu orzamento, xunto cos informes favorables xustificativos da modificación do proxecto, así como a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente do concello

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña
ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello das Somozas denominada "Abastecemento de auga a Marbán e Seixas, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos concellos) POS+2018, co código 2018.2000.0303.0, que foi aprobada polo pleno desta Deputación na sesión realizada o día 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, de forma condicionada á obtención da autorización do Servizo de Vías e Obras da Deputación, cun orzamento de contrata de 67.430,12 €, que non representa variación no seu orzamento respecto do proxecto técnico inicial nin varía o seu obxecto nin a súa finalidade, aínda que supón a introdución dos cambios necesarios para a súa adecuación ás condicións do informe emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación respecto ao proxecto primitivo.

2.- En consecuencia, coa aprobación deste proxecto modificado, e coa presentación da autorización do Servizo de Vías e Obras da Deputación á cuxa obtención quedou condicionada a aprobación desta obra dentro do plan, considerar definitivamente aprobada esta obra dentro do POS+2018:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDA
As Somozas	2018.2000.0303.0	Abastecemento auga a Marbán e Seixas	67.430,12	0,00	67.430,12	Autorización Servizo de Vías e Obras da Deputación

3.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/1614/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificar esta resolución ao Concello das Somozas para os efectos oportunos."

24.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA DENOMINADA "ILUMINACIÓN PÚBLICA EN SEIXAS" DO CONCELLO DAS SOMOZAS, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2018 CO CÓDIGO 2018.2000.0304.0, E APROBACIÓN DEFINITIVA DESTA OBRA.

O Pleno por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do POS+2018, aprobadas polo Pleno desta deputación o día 29 de setembro de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188, do 3 de outubro de 2017

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación do 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018

Logo de ver que no anexo V a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+2018 con cargo á achega 2017, no que figura, entre outras, a obra do concello das Somozas denominada "Iluminación pública en Seixas", co código 2018.2000.0304.0 coa condición da presentación da autorización do Servizo de Vías e Obras da Deputación

Logo de presentar o Concello das Somozas un proxecto modificado desta obra, coa finalidade de adaptar o proxecto da obra ás condicións contidas no informe emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación respecto ao proxecto primitivo, sen variación no seu orzamento, xunto cos informes favorables xustificativos da modificación do proxecto, así como a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente do concello

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello das Somozas denominada "Iluminación pública en Seixas", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos concellos) POS+2018, co código 2018.2000.0304.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, de forma condicionada á obtención da autorización do Servizo de Vías e Obras da Deputación, cun orzamento de contrata de 45.062,25 €, que non representa unha variación no seu orzamento respecto do proxecto técnico inicial nin varía o seu obxecto nin a súa finalidade, aínda que supón a introdución dos cambios necesarios para a súa adecuación aos condicionantes contidos no informe de autorización emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación respecto ao proxecto primitivo.

2.- En consecuencia, coa aprobación deste proxecto modificado, e coa presentación da autorización do Servizo de Vías e Obras da Deputación a cuxa obtención quedou condicionada a aprobación desta obra dentro do plan, considerar definitivamente aprobada esta obra dentro do POS+2018 :

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDA
As Somozas	2018.2000.0304.0	Iluminación pública en Seixas	45.062,25	0,00	45.062,25	Autorización do Servizo de Vías e Obras da Deputación

3.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/1655/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificar esta resolución ao Concello das Somozas para os efectos oportunos."

25.- APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DA DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA NO PROXECTO "CREATING A NEW CONCEPT OF NATURAL DRINKING FOUNTAINS AND DEMONSTRATING ITS VIABILITY ALONG ST. JAMES'WAY: LIFE WATER WAY" (CREACIÓN DUN NOVO CONCEPTO DE FONTES PÚBLICAS E DEMOSTRACIÓN DA SÚA VIABILIDADE NO CAMIÑO INGLÉS), COMO BENEFICIARIO DO PROGRAMA LIFE DA COMISIÓN EUROPEA (LIFE 16 ENV/ES/000533).

O Pleno por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a participación da Deputación da Coruña no proxecto CREATING A NEW CONCEPT OF NATURAL DRINKING FOUNTAINS AND DEMONSTRATING ITS VIABILITY ALONG ST JAMES' WAY: LIFE WATER WAY", dentro do programa Life da Comisión Europea (referencia LIFE 16 ENV/ES/000533).

2.- Aprobar a execución das seguintes accións por parte da Deputación da Coruña:

- B2: Creación dunha rede piloto de fontes públicas
- D1: Estratexia para replicar a actuación nos concellos interesados
- E1: Xestión do proxecto

3.- En aplicación do disposto no apartado 5 do artigo 174 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, establécese o proxecto de gasto plurianual para a participación da Deputación da Coruña no proxecto LIFE WATER WAY coa seguinte distribución por exercicios orzamentarios:

Categorías de gasto	2018	2019	2020	2021	TOTAL
Persoal	4.320,00 €	8.640,00 €	2.160,00 €	1.080,00 €	16.200,00 €
Asistencias técnicas externas	2.000,00 €	8.370,00 €	31.750,00 €	14.000,00 €	56.120,00 €
Infraestruturas	0.00 €	132.941,00 €	0.00 €	0.00 €	132.941,00 €

Gastos xerais	0.00 €	0.00 €	0.00 €	1.988,00 €	1.988,00 €
Total	6.320,00 €	149.951,00 €	33.910,00 €	17.068,00 €	207.249,00 €

En consecuencia, quedan exceptuadas as referidas porcentaxes para executar os gastos detallados na anterior táboa.

4.- En relación ao gasto de persoal imputarase un total de 16.200 €. Esta cantidade imputarase ás retribucións do posto da técnica en proxectos da Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico da Deputación da Coruña nas seguintes porcentaxes:

Retribución anual técnico		Porcentaxe imputada	Anualidade
	29.389,32 €		
Imputación anual ao proxecto	4.320,00 €	14,70%	2018
	8.640,00 €	29,40%	2019
	2.160,00 €	7,35%	2020
	1.080,00 €	3,67%	2021
Total imputado ao proxecto	16.200,00 €		

5.- En relación ás asistencias técnicas externas, o proxecto destinará un total de 56.120 €.

Acción	Descrición	Subtotal
D1: Estratexia para replicar a actuación nos concellos interesados	D.1.3 Guía en castelán/inglés 1000 copias a 7,5 €/ud	7.500,00
D1: Estratexia para replicar a actuación nos concellos interesados	D.1.3 Custos de envío e distribución das guías (correo ordinario) 500 ud a 1,5 €/ud	750,00
D1: Estratexia para replicar a actuación nos concellos interesados	D.1.3 Tradución guía (máx. 30 páxinas)	1.500,00
D1: Estratexia para replicar a actuación nos concellos interesados	D.1.2 Carteis explicativos do proxecto	250,00
D1: Estratexia para replicar a actuación nos concellos interesados	D.1.1 Placas en fontes (27 fontes a 250 €/ud)	1.620,00

D1: Estratexia para replicar a actuación nos concellos interesados	D.1.3 Organización Conferencia internacional de 2 días de duración	9.000,00
D1: Estratexia para replicar a actuación nos concellos interesados	D.1.2 Organización conferencia rexional de 1 día de duración	3.000,00
D1: Estratexia para replicar a actuación nos concellos interesados	Autocar para visitas de difusión da rede piloto 4 xornadas a 500 €/ud	2.000,00
D1: Estratexia para replicar a actuación nos concellos interesados	D.1.3 Guía en galego 1500 copias a 6 €/ud	9.000,00
D1: Estratexia para replicar a actuación nos concellos interesados	Edición dun vídeo explicativo, multilinguaxe (15' duración)	12.000,00
D1: Estratexia para replicar a actuación nos concellos interesados	D.1.3 Ilustracións guía (mín. 10 gráficos)	1.000,00
D1: Estratexia para replicar a actuación nos concellos interesados	D.1.1 Taboleiros anunciadores (17 concellos a 250 €/ud)	4.250,00
D1: Estratexia para replicar a actuación nos concellos interesados	Marcas de calidade: deseño de distintivo gráfico e manual de imaxe corporativa	2.000,00
D1: Estratexia para replicar a actuación nos concellos interesados	Marca de calidade: asesoramento técnico por axente da propiedade industrial i/taxas de rexistro	2.000,00
D1: Estratexia para replicar a actuación nos concellos interesados	D.1.2 Trípticos explicativos do proxecto	250,00
Total		56.120,00

6.- A actuación principal que executará a Deputación da Coruña é a "Creación dunha rede piloto de fontes naturais aptas para o consumo no Camiño "cun gasto total en infraestruturas de 132.941,00 € . Proponse crear 27 puntos de micro-abastecemento conforme aos criterios sanitarios do Real decreto 140/2003 a partir dos mananciais das fontes tradicionais existentes no Camiño Inglés".

Acción	Procedemento	Descrición	Subtotal	custos elixibles	Subvención europea
B2: Creación dunha rede piloto de fontes públicas	CONCURSO PÚBLICO	Execución do proxecto de adecuación do contorno dos puntos de expedición da rede piloto	132.941,00	26.157,00	6.539,00

7.- O presente acordo queda condicionado á aprobación do convenio no que queden incorporados todos os compromisos e obrigas das entidades promotoras do proxecto LIFE WATER WAY."

26.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO DE 2018 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN E POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 30 DE SETEMBRO DE 2018.

O Pleno por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña e no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do mes de setembro de 2018.

2.- Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 30 de setembro de 2018.

3.- Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

27.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 30/09/2018 E PROXECCIÓN AO 31/12/2018.

O Pleno por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 30 de setembro de 2018, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2018 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria

e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

28.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2018 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

O Pleno por unanimidade, acorda:

- "1º. Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das Unidades tramitadoras.
- 2º. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.
- 3º. Enviar a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda."

29.-APROBACIÓN DO RÉXIME RETRIBUTIVO NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL AO SERVIZO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

O Pleno por unanimidade, acorda:

"A Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, a través da súa disposición adicional quincuaxésima cuarta, veu establecer un novo marco normativo para o réxime de incapacidade temporal do persoal ao servizo das administracións públicas, que elimina as restricións existentes ata este momento e permite que cada administración pública determine, previa negociación colectiva, as retribucións que ha de percibir durante a situación de incapacidade temporal o persoal ao seu servizo e ao dos seus organismos e entidades públicas dependentes.

En virtude desta previsión, levouse a cabo a preceptiva negociación colectiva na Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado, órgano dos previstos no artigo 36.3 do Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, ao que lle corresponde a negociación dos asuntos comúns tanto ao persoal funcionario como ao persoal laboral da Administración Xeral do Estado.

Como resultado desta negociación, alcanzouse o Acordo polo que se establece a plenitude retributiva para o persoal funcionario, estatutario ou laboral ao servizo da Administración Xeral do Estado, dos seus organismos ou das súas entidades públicas dependentes, que se atope na situación legal de incapacidade temporal, garantindo durante esta situación a percepción do cento por cento das retribucións ordinarias correspondentes ao mes de inicio da incapacidade temporal.

No BOE número 183, do 30 de xullo de 2018, publicouse o Real decreto 956/2018, do 27 de xullo, polo que se aproba e publica o Acordo adoptado pola Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado o 23 de xullo de 2018, en relación ao réxime retributivo da situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e organismos ou entidades públicas dependentes.

O persoal ao servizo das administracións públicas - entre elas a Deputación Provincial da Coruña- contribuíu de maneira notable e directa á recuperación económica e ao cumprimento dos compromisos adquiridos por España en materia de control do gasto público e este persoal tivo que soportar unha parte importante do esforzo de austeridade levado a cabo no último período. Este esforzo foi un factor determinante na consecución dos obxectivos antes citados.

Segundo o anteriormente exposto acórdase o seguinte.

1. Aprobar para todo o persoal, funcionario ou laboral, ao servizo da Deputación Provincial da Coruña, incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social, que o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade, sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social, alcance o cento por cento das súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal.
2. Aprobar que o complemento de produtividade, incentivos o rendemento ou outros conceptos retributivos de natureza análoga rexeranse polas regras e criterios de aplicación que estean establecidos para cada un deles, sen que resulte de aplicación o establecido nos punto anterior.
3. Remitir o acordo á Comisión Informativa correspondente para que unha vez efectuados os trámites correspondentes sexa aprobado polo Pleno da Corporación.
4. Que o acordo sobre o novo réxime retributivo na situación temporal de incapacidade temporal do persoal ao servizo da Deputación produza efecto no mes inmediato posterior a súa aprobación polo Pleno da Corporación."

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. Presidente

Hai unha moción do Grupo Provincial Popular en apoio á continuidade da actividade industrial de Alcoa e ao mantemento dos postos de traballo que en principio acordamos a súa retirada para facilitar unha moción conxunta de todos os Grupos presentes na Corporación.

Empezamos coa moción de Alternativa dos Veciños en apoio ao alcalde de Riace, Italia, Domenico Lucano.

I.MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS EN APOIO AO ALCALDE DE RIACE (ITALIA), DOMENICO LUCANO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comezos deste mes de outubro o Goberno Italiano ordenou a detención e posta baixo arresto domiciliario do alcalde do municipio italiano de Riace, Domenico Lucano. Unha decisión derivada das tristemente coñecidas políticas xenófobas e de persecución das persoas migrantes por parte do executivo liderado polo M5E e a Liga Norte.

O martes 16 de outubro, o Goberno decidiu retirar o arresto domiciliario que pesaba sobre Lucano, pero cun prezo moi alto. Ao alcalde, que continúa sendo investigado e sinalado polo Goberno, prohibíuselle volver a Riace. É dicir, non ten permitido pisar o municipio no cal goberna e vive coa súa familia, traballando polos dereitos de tantas e tantas persoas migrantes.

A historia do alcalde Domenico Lucano é mundialmente coñecida e vai ligada á loita polos dereitos humanos e a igualdade de oportunidades para as persoas que levan décadas chegando ás costas italianas fuxindo das guerras que as potencias occidentais provocan en Oriente Medio. Coas súas políticas, Lucano conseguiu transformar unha vila a piques de morrer polo despoboamento e o desemprego nun exemplo de integración. A través de recursos propios e dos fondos achegados pola Unión Europea, o alcalde Domenico Lucano comezou un duro traballo que se traduciu na supervivencia de Riace: Procesos de compravenda de propiedades abandonadas, creación de obradoiros de emprego e de empresas cooperativas, apertura de pequenos negocios e rexurdimento de empregos asociados coa artesanía e o sector primario... Todos estes logros fixeron e fan de Riace un crisol de culturas abocado á supervivencia desde a convivencia.

Necesítase vontade política para levar adiante este tipo de iniciativas. Vontade para empatizar e xestionar unha crise humanitaria que non está a ter a resposta necesaria polos países europeos.

Destaca, por negativo, o caso de Italia, onde a actitude xenófoba do vicepresidente e ministro de Interior, Matteo Salvini, con respecto á política migratoria retrotráenos a épocas de terrible escuridade: Orde de retirada de fondos europeos para Riace, procesamentos, persecucións políticas, descalificacións públicas, ameazas a escritores e intelectuais... E nesa escuridade Domenico Lucano é unha luz incombustible.

Por iso é urxente e necesario que se lle esixa ao Goberno italiano que levante inmediatamente a prohibición de regresar ao seu municipio, Riace, a Domenico Lucano, xa que estamos a falar dunha situación que atenta contra as liberdades fundamentais dun dos políticos máis importantes na loita contra as fatalidades da crise migratoria do mundo.

Por todo o anterior, solícítase do Pleno da Deputación a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Facer público o apoio da Deputación da Coruña á causa de Domenico Lucano e solicitar á embaixada italiana en España que se levante a prohibición de volver a Riace ao seu alcalde.
2. Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a solicitar á embaixada italiana en España o levantamento da prohibición de volver a Riace a Domenico Lucano, alcalde do devandito municipio.

Sr. García Seoane

(le o texto da moción)

Sr. Dios Diz

Moitas grazas, Sr. Presidente. Bos días a todos e a todas, especialmente ao Comité de Empresa e ao persoal de Alcoa.

Por suposto que imos votar a favor desta moción, pero quería aproveitar para facer algunha reflexión. En primeiro lugar darlle as grazas a Gelo pola súa valentía por traer esta moción a debate no Pleno da Deputación, moitas veces se ten cuestionado a conveniencia de traer este tipo de debates que non son directamente provinciais, e penso que esa é unha das causas do afastamento que perciben moitos cidadáns respecto da nosa e doutras institucións.

Hoxe imos falar dos problemas que sofre un alcalde italiano por querer facer políticas activas a favor dos refuxiados, por buscar unha solución ao problema do despoboamento do seu concello desde a óptica dos dereitos humanos, de problemas que nos poden afectar a todas e a todos os representantes municipais e que se substancian nunha localidade de Calabria, a emigración, a crise dos refuxiados, a perda de poboación, de recursos, de actividade económica, pero tamén o auxe da intolerancia, do neofascismo, do racismo e da dereita máis extrema. A deriva italiana da Liga Norte e Salvini non é allea ao que está pasando no mundo, é realmente preocupante, Salvini, Le Pen, Bolsonaro, o mesmo Trump, son nomes que resucitan as peores pantasma do noso pasado común, e máis preocupante aínda resulta a deriva cara ao extremo da dereita ata o de agora máis moderada. Vemos como a Unión Europea está cambiando de criterio en aspectos dos que antes fixera bandeira, como o dereito de asilo, a acollida a refuxiados da guerra e a inmigrantes, e o tratamento das mensaxes racistas, xenófobas e de claras violacións dos dereitos humanos. Creo que non podemos permanecer alleos ao que sucede en Italia, non podemos consentir que se ataque a modelos de política local, que teñen a súa base no respecto aos demais, na acollida, e no cumprimento dos dereitos universais, que conmemoraremos o setenta aniversario en dous meses. Como moi ben resumiu o actual alcalde de Nápoles e antigo fiscal de Calabria, a rexión de Riace, o Estado dedícase a deportar ás vítimas dos traficantes en lugar de cazar aos mafiosos. Ao fascismo, o neofascismo, só o podemos frear democraticamente, pero cunha clara e decidida oposición. Debemos actuar de xeito unido desde todas as forzas democráticas, sen pretender incorporar na axenda as demandas da extrema dereita, e moito menos

facéndolle louvanzas, guiños, cariños, pensando que así se lle resta forza ou votos aos partidos máis excluíntes e xenófobos. Moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día. Sumarme ás verbas de benvida aos representantes dos traballadores de Alcoa, desexándolles moita sorte e poñendo a súa disposición o noso Grupo para todas as reivindicacións que consideren oportuno, e tamén trasladar a benvida, como dicía antes a vicepresidenta, á presidenta da Asociación Alexandre Bóveda.

Manifestar o noso apoio a esta moción en defensa e apoio do Domenico Lucano, alcalde de Riace, último bastión na loita contra a xenofobia e a intolerancia en Italia, e manifestar tamén o noso apoio ás políticas de reinserción levadas a cabo na súa vila que levaron ademais a que Riace se repoboara, o que é o pobo en si, e as súas escolas, e a reapertura de talleres de artesanía, en colaboración cos anciáns da vila, rehabilitación de vivendas, etc., etc., todo un exemplo de como se pode a través de distintas medidas de carácter, como dicía, de reinserción de inmigrantes, repoboar unha vila e polo tanto rematar co problema de repoboamento que teñen na vila de Riace, moitas grazas e máis nada.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moitas grazas, brevemente porque, entre outras cuestións, para intentar chegar o antes posible ao debate da moción máis importante de hoxe, que é a relativa a Alcoa, e simplemente facer algunhas reflexións.

A verdade é que para nós é difícil entender o interese deste debate no ámbito provincial. Dicía o portavoz do Grupo de Compostela Aberta que este debate permite achegar a Deputación á cidadanía, nós pensamos que xustamente é o contrario, hai moitísimas canles, moitísimos lugares onde podería ter lugar este debate. E non temos que mesturar cuestións como o rexeitamento da xenofobia, de calquera tipo de autoritarismo, co que está acontecendo nun país democrático, podemos estar en desacordo co Goberno que nestes momentos rexe os destinos de Italia, pero probablemente habería moitas canles para trasladar dentro da Unión Europea estas cuestións.

Aquí o importante é facer unhas reflexións ao respecto de que país estamos a falar. Italia é un estado democrático, é un estado onde rexe a independencia de poderes, e é un estado onde a fiscalía, non o goberno, decidiu investigar a un alcalde, que podería ter realizadas moitas actuacións favorables para o seu pobo, eu non cuestiono iso, pero ese alcalde está sendo investigado por, presuntamente, promocionar no seu concello matrimonios de conveniencia, e polo tanto hai unha investigación xudicial, en base a esa investigación xudicial hai unha serie de actuacións cautelares por parte da autoridade correspondente, e estamos nese proceso. Polo tanto, eu a verdade é que creo que o prudente se queremos manter a dignidade e o nivel desta Deputación é de sacar e retirar esta moción da orde do día, porque creo que estamos saíndo do ámbito competencial lóxico, non é normal que unha Deputación faga un requirimento a unha embaixada ao respecto dun procedemento xudicial que eu, a verdade, os datos que teño son os que estou a relatar, pero que creo que o prudente sería informarse respecto de que é o que

acontece realmente posto que se este alcalde é inocente, loxicamente haberá que defendelo, pero que eu saiba en Italia funciona o estado de dereito e, polo tanto, o noso Grupo vai a votar en contra. Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Simplemente en relación coa intervención do portavoz do Grupo Popular, que non trae nada novo, un partido que está escorando á extrema dereita, como Italia, en Italia agora goberna a extrema dereita e o Partido Popular tamén se está convertendo na extrema dereita de España, polo tanto é normal, é normal que faga esa defensa, somos Europa ou non somos Europa, somos Europa cando nos convén, ou cando somos Europa?, porque cando nos interesa falamos de Europa, somos europeos, a Comunidade Europea. Cando nos interesa criticamos aos chinos, aos outros, e moito máis aos estadounidenses, a Israel, a toda esa chusma que polo mundo está dominando e sacrificando empresas, entran nos países a saco, compran as empresas e aos dous anos elimínanas para producir eles no seu lugar, de que estamos a falar?, claro, eu son político e este é un foro político e, polo tanto, neste foro nada máis que faltaba que me viñera poñer un bozo un portavoz do Partido Popular, nada máis que faltaba iso, xa sabemos por onde van os tiros. Un alcalde que está procesando por actuar honestamente, por salvar vidas humanas, por instalar a familias enteiras no seu municipio, que non tiña xa poboación porque os italianos, igual que moitos españois, e entre eles os galegos, teñen que emigrar e se lles despoboan os pobos. De qué estamos a falar?, claro que estou a falar de política, de política seria, e este é un foro para falar de política seria, este é un foro de alcaldes e un foro para defender alcaldes europeos, somos un Estado único ao parecer, pois se o somos, demostrémolo.

Polo tanto, demagoxias fóra, e xa digo, non me estraña nada a actitude neste caso do Partido Popular, desgrazadamente, non me estraña nada porque imos á extrema dereita española igual que as hai xa en Francia, que as hai en Italia, que as hai polo norte, polo sur, polo leste e polo oeste.

Polo tanto, de retirar nada, en tal caso presentaría vinte máis.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moi brevemente, leo textualmente:

"Entre outras cousas, Lucano é acusado pola fiscalía de ter organizado matrimonios de conveniencia entre os habitantes do seu municipio e mulleres estranxeiras co fin de que estas obtivesen un permiso de permanencia, coa axuda da súa compañeira sentimental, Testahub Lemlem, a quen negaron o permiso de residencia" O comunicado da Fiscalía cita extractos de conversacións telefónicas nas que o alcalde prometía carnés de identidade, "sabes cal é para min a única posibilidade?, que cases, como fixo Estela, Estela casou con Nazareno, eu son responsable do estado civil, o matrimonio cun cidadán italiano celébroo de golpe", polo tanto o lóxico é que isto se investigue.

E por último, Sr. Seoane, non vou tolerar que me dea vostede leccións de democracia, porque o seu concepto de democracia, por desgraza, en Oleiros lévano anos sufrindo.

Sr. García Seoane

Oleiros é un paraíso da democracia, Oleiros é un sitio distinto, singular, admirado neste momento en toda España, que manda truco!, en toda España, incluso pola dereita, que manda truco máis aínda, un paraíso, un lugar distinto, un lugar democrático, un lugar onde a xente convive, onde non perseguimos a ninguén polo seu pensamento, onde traballamos arreo pola cultura, pola sociedade. Polo tanto, leccións de democracia, ningunha.

E cando vostede me fala de xustiza e me fala de fiscais, habería moito que falar en Italia, no país, no mundo e en España, habería moito que falar de xuíces e de fiscais tamén neste país como noutros. Polo tanto, imos deixar o tema aí, porque iso sería moito máis longo o debate. Hai feitos, léame vostede os feitos que agora leu aí, recolla os destes fiscais que andan por aí adiante ás ordes de.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

O pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP, aproba a seguinte moción:

"MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS EN APOIO AO ALCALDE DE RIACE (ITALIA), DOMENICO LUCANO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comezos deste mes de outubro o Goberno Italiano ordenou a detención e posta baixo arresto domiciliario do alcalde do municipio italiano de Riace, Domenico Lucano. Unha decisión derivada das tristemente coñecidas políticas xenófobas e de persecución das persoas migrantes por parte do executivo liderado polo M5E e a Liga Norte.

O martes 16 de outubro, o Goberno decidiu retirar o arresto domiciliario que pesaba sobre Lucano, pero cun prezo moi alto. Ao alcalde, que continúa sendo investigado e sinalado polo Goberno, prohibíuselle volver a Riace. É dicir, non ten permitido pisar o municipio no cal goberna e vive coa súa familia, traballando polos dereitos de tantas e tantas persoas migrantes.

A historia do alcalde Domenico Lucano é mundialmente coñecida e vai ligada á loita polos dereitos humanos e a igualdade de oportunidades para as persoas que levan décadas chegando ás costas italianas fuxindo das guerras que as potencias

occidentais provocan en Oriente Medio. Coas súas políticas, Lucano conseguiu transformar unha vila a piques de morrer polo despoboamento e o desemprego nun exemplo de integración. A través de recursos propios e dos fondos achegados pola Unión Europea, o alcalde Domenico Lucano comezou un duro traballo que se traduciu na supervivencia de Riace: Procesos de compravenda de propiedades abandonadas, creación de obradoiros de emprego e de empresas cooperativas, apertura de pequenos negocios e rexurdimento de empregos asociados coa artesanía e o sector primario... Todos estes logros fixeron e fan de Riace un crisol de culturas abocado á supervivencia desde a convivencia.

Necesítase vontade política para levar adiante este tipo de iniciativas. Vontade para empatizar e xestionar unha crise humanitaria que non está a ter a resposta necesaria polos países europeos.

Destaca, por negativo, o caso de Italia, onde a actitude xenófoba do vicepresidente e ministro de Interior, Matteo Salvini, con respecto á política migratoria retrotráenos a épocas de terrible escuridade: Orde de retirada de fondos europeos para Riace, procesamentos, persecucións políticas, descalificacións públicas, ameazas a escritores e intelectuais... E nesa escuridade Domenico Lucano é unha luz incombustible.

Por iso é urxente e necesario que se lle esixa ao Goberno italiano que levante inmediatamente a prohibición de regresar ao seu municipio, Riace, a Domenico Lucano, xa que estamos a falar dunha situación que atenta contra as liberdades fundamentais dun dos políticos máis importantes na loita contra as fatalidades da crise migratoria do mundo.

Por todo o anterior, solicítase do Pleno da Deputación a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Facer público o apoio da Deputación da Coruña á causa de Domenico Lucano e solicitar á embaixada italiana en España que se levante a prohibición de volver a Riace ao seu alcalde.
2. Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a solicitar á embaixada italiana en España o levantamento da prohibición de volver a Riace a Domenico Lucano, alcalde do devandito municipio."

II.MOCIÓN DOS GRUPOS ALTERNATIVA DOS VECIÑOS, BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, COMPOSTELA ABERTA, MAREA ATLÁNTICA, PSDG-PSOE E PARTIDO POPULAR EN APOIO AOS TRABALLADORES E ÁS TRABALLADORAS DE ALCOA E EN CONTRA DO PECHE DA FACTORÍA.

Diante do anuncio realizado o pasado mércores 17 de outubro por parte do grupo Alcoa Inespal, de maneira unilateral e sen causa xustificada, de pechar as súas plantas da Coruña e Avilés, e toda vez que isto supón unha ameaza de especial

gravidade para o emprego na cidade, o Pleno da Deputación da Coruña propón de maneira unánime a seguinte

MOCIÓN

- 1.- Amosar o apoio unánime da Corporación da Deputación da Coruña aos traballadores e ás traballadoras de Alcoa e o rexeitamento ao peche da factoría.
- 2.- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a conformar, xunto co Concello da Coruña, unha fronte institucional común en defensa do emprego, do mantemento da actividade industrial en Alcoa e, en consecuencia, da retirada do ERE presentado pola empresa.
- 3.- Apoiar as mobilizacións que convoquen os traballadores e as traballadoras da planta.
- 4.- Dar traslado deste acordo a todos os grupos con representación no Parlamento de Galicia, así como nas Cortes Xerais do Estado, instándoos a que se pronuncien nos memos termos.

Sr. Presidente

Imos pasar á moción presentada polos Grupos Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica, PSdeG-PSOE e Partido Popular que presentan a seguinte moción en apoio aos traballadores e traballadoras de Alcoa e en contra do peche da factoría.

O Presidente dá lectura a moción e procédese a votar a urxencia, que é aprobada por unanimidade.

Sr. García Seoane

Está dito no debate que tivemos, eu estiven na manifestación, vou estar en canto movemento haxa, os paneis do Concello van botar fume a favor de Alcoa, pero eu creo que hai que, como se dicía antes polo compañeiro que interveu, que hai que falar máis alto, neste tema hai que falar, porque quen vendeu Inespal?, quen vendeu Inespal, unha empresa que era do Estado? vendeuna o Partido Popular, quen a subvencionou con cantidades multimillonarias durante anos?, o Partido Popular, a esas empresas que veñen aquí, como a fábrica de armas, unha empresa americana para que non se fabriquen armas e agora péchaa e así en cincuenta mil sitios de España e do mundo.

Por tanto, o meu apoio total, e pouco máis hai que dicir aquí, o meu apoio total a calquera batalla que celebredes, e digo batalla ou guerra, porque haberá que ir á guerra ou haberá que ir a unha batalla, porque con palabras bonitas non se arranxan os temas. Contades co apoio de Oleiros.

Sr. Dios Diz

Simplemente para expresar o noso apoio como Compostela Aberta á moción, e tamén darlle todo o ánimo ao Comité de Empresa, felicitar a intervención do voceiro que falou hai un momento, creo que non hai nada que engadir ao que el dixo, todo o noso apoio e todo o noso ánimo.

Sr. Díaz Grandío

Bo día, primeiro de todo, e como xa se dixo, trasladar ás traballadoras e traballadores da planta de Alcoa a nosa total solidariedade, desde logo neste Pleno vaise falar e falouse no inicio de xente que perde as súas casas, como pasa coa xente da Patiña, de xente que está co seu posto de traballo pendurando dun fío. Cremos que este tipo de situacións é onde se debe notar o desexo de poñer as institucións fronte aos abusos que o mercado laboral e a vivenda exercen sobre os nosos dereitos máis básicos.

Queremos apoiar a estas familias e queremos avanzar sobre as consecuencias que ten unha economía que cando non está ao servizo da xente, senón de intereses privados, deixa detrás de si un horizonte de desesperanza e precariedade que non pode xerarse nunha angustia. Queremos denunciar o que está a pasar coas compañías eléctricas, eu creo que este, e como ben dixo o voceiro do Comité de Empresa, é o fondo da cuestión, unhas empresas eléctricas e compañías eléctricas que miran con desdén como esta xente perde os seus postos de traballo e como miles de domicilios sofren e sufrimos por pagar a factura da luz.

Queremos denunciar a pasividade coa que todos os gobernos observan estes abusos pero por último, e como levamos semanas dicindo, cremos que todo isto só pode atopar solucións e evitar o peche coa unidade das diferentes administracións, dos distintos partidos e axentes sociais para evitar o peche da factoría e que cousas como as que estamos a vivir non volvan ocorrer.

Queremos, polo tanto, reiterar a nosa vontade para que isto se solucione, todo o noso apoio, a nosa solidariedade cos traballadores, co Comité de Empresa, coas empresas auxiliares que están a sufrir igualmente con esta situación e as familias, e desde logo, como se dixo tamén no Pleno municipal, que saibades que non estades sos, que tedes a unha cidade e a unha provincia detrás. Moitas grazas.

Sr. Requeira Varela

Bo día a todos e a todas. Saudar aos traballadores e as traballadoras de Alcoa en nome do Bloque, transmitirles a nosa solidariedade, o noso apoio e noso tamén compromiso e a implicación na súa loita para evitar que a factoría peche. Eu quero recordar brevemente a intervención do presidente do Comité de Empresa porque vén reflectir as palabras que vimos transmitindo desde a nosa organización política desde hai moitísimos anos, desde que somos organización política.

Galicia é produtora de electricidade non por elección propia, senón porque decidiron que aquí se producira electricidade, pagamos a peaxe ambiental e social da produción da electricidade, pero curiosamente non temos compensación de ningún

tipo. Aquí estamos falando dun problema dun peche que vén derivado dun problema da regulación enerxética que se dá no Estado español e a min gustaríame transmitir e recalcar xustamente as palabras do Comité de Empresa que veu dicir, moi claramente, fuxindo ao mellor do argot político que acostumamos empregar moitas veces, que Galicia ten que ser Noruega, ou senón queremos ser Noruega, polo menos que sexamos Euskadi, onde contan cunha tarifa eléctrica propia coa que beneficiar ao seu tecido empresarial e axudar a manter emprego no propio territorio. Polo tanto, o que reflectiu aquí a intervención do presidente de Comité de Empresa é unha situación de subordinación dun territorio, neste caso de Galicia, neste caso unha planta como é a fábrica de Alcoa, diante doutro tipo de políticas. El dixo moi claramente que temos capacidade para producir, sabemos producir, temos un cadro de persoal que produce e produce ben, e polo tanto téñennos que deixar competir, iso é o que pedimos desde hai moitísimos anos no BNG para o tecido empresarial do noso país, que nos deixen producir porque sabemos e temos ademais necesidade de facelo, e ademais se somos exportadores de enerxía temos dereito a que se nos bonifique tamén esa enerxía, temos dereito a unha tarifa enerxética propia. Pero ademais consideramos que a electricidade ten que ser un ben de interese social, como o son moitos outros. Polo tanto, o seu nivel impositivo non ten que ser do 21%, debería de estar no 4%, como ben dicía el que fai, por exemplo, Noruega, que bonifica a enerxía.

Polo tanto, eu creo que está nas nosas mans dar pasos nese sentido, e nese camiño, efectivamente, o BNG sempre estará de man das factorías que producen en Galicia e do cadro de persoal de traballadores e traballadoras que se ven afectados por precisamente non regular a favor da industrialización deste país e, por suposto, desta provincia. Nada máis e moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

Como non pode ser doutra maneira, e como aquí xa se dixo, xa o dixemos no Pleno na Coruña, eu tampouco voume estender moito máis, que xa sabedes o que pensamos, apoio firme, decidido e incondicional, e eu creo que aquí, igual que vedes que discutimos, normalmente non é así na Deputación, pero igual que noutros temas pode haber desacordo, eu creo que aquí non os hai, non hai fisuras, e aquí temos que estar todos a unha, e sabedes que xa non os políticos, é a cidade, non estades solos e que Alcoa non vai pechar.

Hai dúas premisas básicas, e ademais é que hai que apurarse porque estamos no tempo de desconto, non queda moito, entón hai que actuar rápido e hai que actuar, primeiro, esixindo á empresa que reconsidere a súa postura e que retire o ERE de enriba da mesa para poder empezar a falar, e aí o goberno do Estado ten que adoptar unha actitude proactiva, o Goberno do Estado e o resto das administracións, pero como competente no conxunto, non se trata só ademais dunha planta na Coruña. Presentar o marco tarifario para 2019 e logo xa, a medio prazo, porque claro o urxente é ver que vai pasar en 2019, e logo un marco de diálogo estable, sensato e claro e escoitando aos traballadores. Eu de verdade xa os escoitei nalgunhas outras ocasións, bastantes veces, e o tema si o coñecemos todos, pero é que o explicaches que é para mandarlles a gravación deste Pleno, sinxelamente, non hai moito máis que falar.

Alcoa é viable, Alcoa é rendible, Alcoa a empresa non quixo facer investimentos, porque non lle deu a gaña, quíxoa deixar morrer, que a compre outro e que a vendan, e que a vendan que non teñen máis que facer, que poñan un prezo e aí o Estado con axudas, o que sexa, facer o imposible entre todos para que iso suceda.

Eu tampouco vou dicir moito máis, todo o noso apoio, todo o ánimo a vós, ás vosas familias, estádelo pasando mal, eu creo que no fondo, o outro día dicíao ben o alcalde, o día da manifestación, todos somos Alcoa e todos imos ser traballadores de Alcoa, o outro día dixo unha frase ao final do Pleno que logo comentamos Corbacho, e dígocho, e dígovolo que así os sentimos, María Pita venceu aos ingleses no ano 1589 e desde María Pita e desde toda a provincia, Galicia, España, imos vencer neste caso aos americanos e Alcoa non se vai pechar. Moitas grazas.

Sr. Calvelo Martínez

Eu tamén moi brevemente, interveño tamén un pouco porque sei que Alcoa ten vinculacións tamén co Concello de Arteixo, celebramos tamén o luns o Pleno municipal en apoio aos traballadores, os traballadores tamén coñecen a nosa postura. Hai dúas cousas que quería dicir para non reiterar tamén distintas comunicacións.

O outro día cando se reuniron as distintas administracións cos representantes da empresa, eu cando vin as noticias en televisión que se levantaron os traballadores, eu pregunto aquí, e por que non se levantaron as nosas administracións? por que non se levantou desa mesa a Xunta, o Estado, o Principado de Asturias?, veñen uns señores a insultarte e só se levantan os traballadores e os demais? que quedaron alí dicindo? Porque está claro, Alcoa vén única e exclusivamente a pechar, e sabédelo ben, e se permiten que as administración que están alí presentes escoitar as borderías que di esa xente e non facer nada. Palabras bonitas vainas escoitar, agora tedes que pasar a que as administracións fagan xa actos concretos, eu o primeiro que faría en canto se van os traballadores, eu tamén levántome e voume, e deixo aos de Alcoa alí sos, é que é lóxico un pouco pelexar polo que estades pedindo. Dicía Corbacho, non vola van deixar vender, non van deixar vender estas fábricas, se alguén non fai algo, ao mellor non tan extremadamente como dixo Gelo, se alguén non fai algo, van pechar directamente, non a van deixar vender. Iso de que ides formular a posibilidade de dezaioito meses de negociación, queren pechar, sabédelo claramente, hai que realmente facer que as propias administracións, ou fagan un cambio administrativo, ou que legislen dalgunha maneira para que esta xente non poida impoñer o peche, de verdade, non vos quededes coas palabras bonitas da xente, actuar. Nós temos o exemplo que sufrimos en Arteixo doutras fábricas, como dicía Carbacho, na que traballou, veñen, sorrín, din si, si, si, e despois pechan. Tedes que pelexalo, non permitir e nunha mesa de negociación, se vén Alcoa dicindo que vai pechar e que non ten outra postura, non recibilos, que se vai gañar?, xa din que non, que se vai gañar?

E logo, eu volvo dicilo, e díxeno tamén o outro día no Pleno, quen non se dea conta de que isto é o principio do fin do sector industrial da comarca da Coruña, está totalmente equivocado, é o principio do fin. Isto é de tal e de extrema gravidade, que vai afectar, non solo ao Concello da Coruña senón a todos os concellos da área. As vinculacións que temos en Arteixo con Alcoa? traballadores de Arteixo que traballan

en Alcoa. Unha central térmica que subministra a Alcoa, para que imos querer unha central térmica se o principal consumidor é Alcoa, vai desaparecer, empresas como Ferroatlántica que compran e venden tamén a Alcoa, un porto exterior que está destinado a traer mercancías para poder importar ou exportar, e que haxa industria, se non vai haber industria para que queremos tamén un porto exterior, e que isto non o vexa!

Diciao Gelo, Gelo di , si, Oleiros é un paraíso, eu o que vexo é que nin Oleiros, nin Arteixo, nin A Coruña, no momento no que se peche Alcoa vai ser un paraíso, vai ser un deserto industrial, un deserto industrial que está vindo e que están avisando, e se a xente non os apoia, ou non se mobiliza masivamente para evitar este peche, se a xente desta comarca pensa que só vai poder vivir dunha empresa téxtil, está moi equivocado, porque imos a un deserto industrial e, efectivamente, ao mellor imos ter que emigrar todos, porque non vai haber nada que realmente xere riqueza como a que xerou todos estes anos Alcoa. Nada máis, moitas grazas.

Sr. Presidente

En representación do meu Grupo simplemente dicir que comparto plenamente as palabras que acaba de dicir o meu compañeiro Carlos, menos o de levantarse dunha mesa porque hai que estar, negociar hai que negociar, xestos pódense facer, pero en calquera caso eu quedo tamén cunha apelación que facía Gelo que creo que é a clave, que ao final estas cousas decídense máis arriba. Polo tanto, a forza que poidamos facer todos, os traballadores, a sociedade coruñesa, que dicía Rosa, detrás dos traballadores, as institucións que aquí representamos a moitísima xente, máis dun millón de persoas que viven nesta provincia e que están representadas polas distintas forzas políticas aquí presentes, que teñen ademais os seus representantes e as súas representantes noutras instancias, a nivel nacional, a nivel estatal e, sobre todo, a nivel europeo, que aquí para min a partida xógase entre Madrid e Bruxelas.

Bruxelas ten un obxectivo de industrialización do produto interior bruto da Unión Europea dun 20%, é dicir, que o peso da industria chegue ao 20%, porque evidentemente a calidade de vida e as condicións laborais do sector industrial tradicionalmente cualifícanse como mellores que as doutros sectores. Polo tanto, agora mesmo o peso está no 14, como sigamos así, como di Carlos, estou completamente de acordo co que di, é dicir, isto é simplemente unha chamada de atención que se pode sumar a moitas outras, que ao mellor pasan máis desapercibidas, pero que están ocorrendo porque o modelo, insisto, socioeconómico chino arrasa con todo aquel tipo de proceso de manufacturas.

Co cal comparto e alégrome a unanimidade, loxicamente esperada, de cada un dos portavoces desta Corporación, súmome ás últimas verbas de Carlos de que temos todos que non baixar a garda e apertar moito para que quen ten que sentarse a negociar con Alcoa fágao canto antes. Moitas grazas.

Vótase a moción aprobándose por unanimidade de todos os Grupos políticos.

(Aplausos)

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

"MOCIÓN DOS GRUPOS ALTERNATIVA DOS VECIÑOS, BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, COMPOSTELA ABERTA, MAREA ATLÁNTICA, PSDG-PSOE E PARTIDO POPULAR EN APOIO AOS TRABALLADORES E ÁS TRABALLADORAS DE ALCOA E EN CONTRA DO PECHE DA FACTORÍA.

Diante do anuncio realizado o pasado mércores 17 de outubro por parte do grupo Alcoa Inespal, de maneira unilateral e sen causa xustificada, de pechar as súas plantas da Coruña e Avilés, e toda vez que isto supón unha ameaza de especial gravidade para o emprego na cidade, o Pleno da Deputación da Coruña propón de maneira unánime a seguinte

MOCIÓN

- 1.- Amosar o apoio unánime da Corporación da Deputación da Coruña aos traballadores e ás traballadoras de Alcoa e o rexeitamento ao peche da factoría.
- 2.- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a conformar, xunto co Concello da Coruña, unha fronte institucional común en defensa do emprego, do mantemento da actividade industrial en Alcoa e, en consecuencia, da retirada do ERE presentado pola empresa.
- 3.- Apoiar as mobilizacións que convoquen os traballadores e as traballadoras da planta.
- 4.- Dar traslado deste acordo a todos os grupos con representación no Parlamento de Galicia, así como nas Cortes Xerais do Estado, instándoos a que se pronuncien nos mesmos termos."

Sr. Presidente

Hai outra moción presentada polos Grupos Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica e PSdeG-PSOE respecto ao apoio á quinta marcha a Meirás do 10 de novembro de 2018.

III.MOCIÓN DOS GRUPOS ALTERNATIVA DOS VECIÑOS, BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, COMPOSTELA ABERTA, MAREA ATLÁNTICA E PSDG-PSOE EN APOIO Á 5ª MARCHA A MEIRÁS DE 10 DE NOVEMBRO DE 2018

Exposición de motivos

O 19 de novembro de 2005, véspera do 30º aniversario de morte do ditador Franco, a CRMH convocaba a 1ª Marcha Cívica a Meirás, reivindicando a devolución do pazo de Meirás ao patrimonio público. Durante estes anos convocáronse diversas mobilizacións cívicas, todas elas coa mesma reclamación á familia Franco: Devolver ao pobo o que é do pobo.

Despois de moitos anos explicando o espolio continuado ou roubo de Meirás, recellemos agora os froitos e o Parlamento Galego aprobaba por unanimidade o 11 de xullo de 2018 unha proposición non de lei que instaba ao Estado a iniciar accións xudiciais, interpoñendo unha **demanda civil, que permita recuperar o pazo de Meirás para o patrimonio público, sen que isto implique un novo custo para o pobo de Galicia.**

Este acordo desmonta o mito do suposto “regalo do pobo” e, tal como recolle o ditame da Comisión de Expertos, considera probado que o pazo de Meirás é un edificio público, utilizado institucionalmente como residencia oficial da Xefatura do Estado, mantido con fondos estatais durante a ditadura, desde 1938 até 1975. O informe desta comisión recolle que o Estado asumiu durante eses anos o mantemento, a realización de todo tipo de obras de reforma (máis de 21 millóns de pesetas) e a adquisición de novas parcelas, que pasaron a conformar o patrimonio particular do ditador.

Por outra parte, os informes (histórico e xurídico) elaborados a petición da Deputación da Coruña e da Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás, sinalan a nulidade do título de propiedade de 1941, xa que está probado que se trataba dunha **simulación fraudulenta dunha compravenda** porque a suposta “doazón” ao ditador era de 1938, en calidade de Xefe de Estado.

O pleno da Deputación da Coruña de 23 de marzo de 2018 acordaba, tamén por unanimidade, instar ao Estado a **“exercitar as accións administrativas e xudiciais oportunas** para os efectos de recuperación posesoria e de oficio para o patrimonio público do pazo de Meirás”.

Sendo conscientes de que **a aprobación de iniciativas institucionais debe ir acompañada da necesaria concienciación e mobilización da cidadanía.** E sendo conscientes de que **a unanimidade acadada en Deputación da Coruña, Parlamento Galego e moitos concellos galegos debe manterse,** os grupos asinantes presentan a seguinte MOCIÓN

1.Continuando cos acordos unánimes acadados na Deputación da Coruña, Parlamento Galego e moitos concellos de Galicia, manifestamos o noso apoio á 5ª Marcha a Meirás –impulsada pola Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica e convocada conxuntamente por numerosas organizacións políticas, sindicais, culturais e sociais– pola devolución do pazo de Meirás ao patrimonio público, que se celebrará o sábado, 10 de novembro, e rematará ás 13 horas cunha concentración diante do pazo de Meirás.

2.Así mesmo, acordamos realizar nos nosos respectivos espazos de representación institucional a difusión máis ampla posíbel desta convocatoria que sairá ás 12 horas do monumento ás vítimas do franquismo, no Paseo Marítimo de Sada.

Sra. Sanmartín Rei

Neste caso temos os Grupos políticos que acaba de mencionar o presidente, Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica e PSdeG-PSOE, facémonos eco dunha proposta que nos fai chegar a

Comisión para a Recuperación da Memoria Histórica da Coruña respecto da necesidade de mobilizarnos tamén neste caso a favor de algo de que esta Deputación, este conxunto desta Corporación, estivo traballando nos últimos anos de maneira clara e conseguindo tamén unanimidades, a necesidade de pelexar para que Meirás sexa patrimonio público, para que Meirás sexa e pertenza ao conxunto de galegos e de galegas. Como é ben sabido por esta Corporación, e por iso non me vou repetir, como é ben sabido por esta Corporación houbo distintas administracións, entre elas a Deputación da Coruña, que estivo traballando xustamente nese informe para demostrar como foi, como houbo unha simulación fraudulenta de compravenda do Pazo de Meirás, houbo tamén un acordo unánime, que é importante, para o que todo o mundo creo que puxo o seu grao de area no Parlamento galego xustamente para poder facer unha petición a que as instancias pertinentes, a que o Estado inicie esas accións xudiciais necesarias, desde aquí continuamos sempre con esa demanda e intentando que este sexa o inicio dun proceso xa sen retorno e que por fin poida ser o Pazo de Meirás patrimonio público, mais nós tamén partillamos con esa Comisión pola recuperación da memoria histórica, que isto é un clamor social e que hai moitísima xente que quere darlle voz e participar e dicir que estamos conxuntamente institucións e o conxunto da poboación da sociedade civil organizada. De feito foi esa idea a que nos levou a constituír a Xunta pro Pazo para que estivesen alí representadas tanto institucións como poboación e os sectores máis dinámicos, máis activos, porque quero lembrar que esta reclamación non comeza agora, é unha reclamación histórica e que xustamente a Comisión para a Recuperación da Memoria Histórica da Coruña convocou esta primeira marcha cívica xa no ano 2005. Desde aquela ata hoxe transcorreu moito tempo mais si que avanzamos nos últimos anos, demos pasos importantes para poder recuperar o Pazo de Meirás.

E por iso é polo que se pide algo que aparece aquí e onde eu solicitaría que esta moción tivese o apoio unánime da Corporación, eu creo que ben que merece que todos os consensos que tivemos a este respecto continúen, dando mensaxes de unidade respecto de que estamos pola recuperación de Meirás para o patrimonio público e ao respecto de que iso é algo que está realmente no conxunto da poboación claramente interiorizado e ademais todo o mundo con esa demanda social.

(Sae a Sra. Gallego Neira).

Por iso leo sen máis os acordos da moción son moi sinxelos:

Continuando cos acordos unánimes acadados na Deputación da Coruña, Parlamento Galego e moitos concellos de Galicia, manifestamos o noso apoio á 5ª Marcha a Meirás –impulsada pola Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica e convocada conxuntamente por numerosas organizacións políticas, sindicais, culturais e sociais– pola devolución do pazo de Meirás ao patrimonio público, que se celebrará o sábado, 10 de novembro, e rematará ás 13 horas cunha concentración diante do pazo de Meirás.

E tamén acordamos realizar nos nosos respectivos espazos de representación institucional a difusión máis ampla posíbel desta convocatoria que sairá ás 12 horas do monumento ás vítimas do franquismo, no Paseo Marítimo de Sada.

Procédese a votar a urxencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados (12 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputados (PP - por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación - art. 74.1 do Regulamento orgánico)

Vótase a moción.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 12 deputados (PP)

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, aproba a seguinte moción:

"MOCIÓN DOS GRUPOS ALTERNATIVA DOS VECIÑOS, BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, COMPOSTELA ABERTA, MAREA ATLÁNTICA E PSDG-PSOE EN APOIO Á 5ª MARCHA A MEIRÁS DE 10 DE NOVEMBRO DE 2018

Exposición de motivos

O 19 de novembro de 2005, véspera do 30º aniversario de morte do ditador Franco, a CRMH convocaba a 1ª Marcha Cívica a Meirás, reivindicando a devolución do pazo de Meirás ao patrimonio público. Durante estes anos convocáronse diversas mobilizacións cívicas, todas elas coa mesma reclamación á familia Franco: Devolver ao pobo o que é do pobo.

Despois de moitos anos explicando o espolio continuado ou roubo de Meirás, recellemos agora os froitos e o Parlamento Galego aprobaba por unanimidade o 11 de xullo de 2018 unha proposición non de lei que instaba ao Estado a iniciar accións xudiciais, interpoñendo unha **demanda civil, que permita recuperar o pazo de Meirás para o patrimonio público, sen que isto implique un novo custo para o pobo de Galicia.**

Este acordo desmonta o mito do suposto “regalo do pobo” e, tal como recolle o ditame da Comisión de Expertos, considera probado que o pazo de Meirás é un edificio público, utilizado institucionalmente como residencia oficial da Xefatura do Estado, mantido con fondos estatais durante a ditadura, desde 1938 até 1975. O informe desa comisión recolle que o Estado asumiu durante eses anos o mantemento, a realización

de todo tipo de obras de reforma (máis de 21 millóns de pesetas) e a adquisición de novas parcelas, que pasaron a conformar o patrimonio particular do ditador.

Por outra parte, os informes (histórico e xurídico) elaborados a petición da Deputación da Coruña e da Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás, sinalan a nulidade do título de propiedade de 1941, xa que está probado que se trataba dunha **simulación fraudulenta dunha compravenda** porque a suposta “doazón” ao ditador era de 1938, en calidade de Xefe de Estado.

O pleno da Deputación da Coruña de 23 de marzo de 2018 acordaba, tamén por unanimidade, instar ao Estado a “**exercitar as accións administrativas e xudiciais oportunas** para os efectos de recuperación posesoria e de oficio para o patrimonio público do pazo de Meirás”.

Sendo conscientes de que **a aprobación de iniciativas institucionais debe ir acompañada da necesaria concienciación e mobilización da cidadanía**. E sendo conscientes de que **a unanimidade acadada en Deputación da Coruña, Parlamento Galego e moitos concellos galegos debe manterse**, os grupos asinantes presentan a seguinte MOCIÓN

1.Continuando cos acordos unánimes acadados na Deputación da Coruña, Parlamento Galego e moitos concellos de Galicia, manifestamos o noso apoio á 5ª Marcha a Meirás –impulsada pola Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica e convocada conxuntamente por numerosas organizacións políticas, sindicais, culturais e sociais– pola devolución do pazo de Meirás ao patrimonio público, que se celebrará o sábado, 10 de novembro, e rematará ás 13 horas cunha concentración diante do pazo de Meirás.

2.Así mesmo, acordamos realizar nos nosos respectivos espazos de representación institucional a difusión máis ampla posíbel desta convocatoria que sairá ás 12 horas do monumento ás vítimas do franquismo, no Paseo Marítimo de Sada."

Sr. Presidente

A seguinte moción presentada polos Grupos de Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica e o PSdeG-PSOE sobre o cambio de nome do IES Calvo Sotelo.

IV.MOCIÓN DOS GRUPOS ALTERNATIVA DOS VECIÑOS, BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, COMPOSTELA ABERTA, MAREA ATLÁNTICA E PSDG-PSOE SOBRE O CAMBIO DE NOME DO IES CALVO SOTELO

Despois de coñecer a petición da Agrupación Cultural Alexandre Bóveda sobre o cambio de nome do IES Calvo Sotelo, os grupos asinantes queremos facer as seguintes consideracións que argumentamos a continuación para tomar os acordos que se expresan na parte final desta moción.

A Lei 52/2007 de 26 de decembro, coñecida como Lei da Memoria Histórica, aprobada polo Congreso dos Deputados e publicada no BOE de 27 de decembro de 2007, sinalaba no seu artigo 15: “As Administracións públicas tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura”.

Por outra parte, a Comisión Permanente do Consello Escolar do Estado, máximo órgano consultivo en materia de ensino, constataba na súa reunión de 5 de febreiro de 2008 que “en numerosos centros educativos teñen escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas nas súas dependencias, ou a súa propia denominación é unha exaltación persoal ou colectiva da ditadura franquista, que é inaceptable nunha democracia como a nosa”. En aplicación da citada lei o Consello Escolar do Estado aprobaba unha resolución en que solicitaba ás comunidades autónomas e entidades locais a retirada dos vestixios relativos á Guerra Civil e a Ditadura franquista dos centros docentes e instaba o ministerio de Educación e Ciencia a colaborar na elaboración dun catálogo estatal en que figurasen os nomes e símbolos que aínda perdurasen desa etapa.

En relación con este tema, a Xunta de Galiza enviaba na primavera de 2008 unha circular a 11 centros de ensino, a través de Inspección, para iniciaren os trámites de forma a mudar os seus nomes. Isto foi feito por oito centros e fican pendentes outros tres, entre eles o IES Calvo Sotelo.

Na cidade da Coruña fixéronse nos últimos anos varias mudanzas de nomes de centros educativos, eliminando aqueles que estaban vinculados ao franquismo: Generalísimo, Carrero Blanco etc. A Consellaría de Educación –cando a Xunta era presidida por Manuel Fraga– mudou o nome do IES Diego Delicado (presidente da Deputación da Coruña na ditadura) polo de Urbano Lugrís e neste curso o CEIP Montel Touzet pasou a se chamar CEIP Cidade Vella.

Os nomes dos centros do ensino deben ser unha referencia para o alumnado e toda a comunidade educativa, un exemplo para as futuras xeracións e non é propio dunha sociedade democrática que o alumnado acuda a un centro que leva o nome de persoas que participaron en actos reprobábeis como promoveren ou apoiaren un golpe militar contra o poder lexítimo, elixido democraticamente polo pobo.

Parlamento de Galiza, coincidindo co 80º aniversario da sublevación de 1936, aprobaba en xullo de 2016, por unanimidade, unha declaración institucional de condena do golpe de Estado do día 18 de xullo de 1936, que falaba tamén de “eliminar os símbolos, as denominacións e as referencias franquistas de rúas e edificios públicos”. Co gallo dese 80º aniversario do golpe de estado militar contra o réxime democrático vixente no Estado español, o pleno da Deputación da Coruña co voto unánime de todos os grupos políticos aprobaba por seu turno unha declaración institucional sobre a retirada dos títulos honoríficos e distincións concedidas pola Deputación da Coruña a Francisco Franco Baamonde, que dicía: “A Deputación da Coruña reitera a importancia de proseguir coas accións dirixidas a recuperar e dignificar a memoria das vítimas da represión exercida despois do golpe militar de 1936, eliminar os símbolos, as denominacións e as referencias franquistas de rúas e edificios públicos”.

Nesta mesma liña de dignificación das vítimas, a Deputación da Coruña celebraba o día 28 de xullo de 2016 un acto de homenaxe aos presidentes da institución e alcaldes asasinados polo franquismo. Posteriormente publicaba un estudo sobre os 300 cargos públicos da provincia da Coruña que foron represaliados. Tamén como mostra de recoñecemento e homenaxe coas vítimas da represión franquista, a Deputación está a facer posíbel coa Universidade da Coruña a creación dunha residencia universitaria pública que levará o nome de Elvira Bao, unha “Irmandiña” e mestra represaliada.

Pasados xa máis de dez anos desde a aprobación da Lei da Memoria Histórica, os tempos son máis que chegados para desenvolver os sinalados acordos plenarios e para que a actuación da propia Deputación da Coruña sexa unha referencia para todos os concellos.

O coñecemento (o recoñecemento) do pasado servirá para recoñecermos as vítimas porque a memoria activa ten de ver co coñecemento, co saber, coa competencia para loitar contra o tépedo muro de silencio, contra as murallas de pedra e sombra, que diría Celso Emilio Ferreiro. E se na ditadura franquista foron silenciados os nomes daquelas persoas que defenderon os valores cívicos da democracia e que tanto contribuíran para o progreso deste país, é polo que vemos necesario mudar o nome do IES Calvo Sotelo, dependente da Deputación da Coruña.

Unha persoa como José Calvo Sotelo, que é responsabilizado directamente polo Presidente do Consello de Ministros, o coruñés Casares Quiroga, da sublevación militar do 18 de xullo de 1936, non pode ter un recoñecemento social, nin levar o nome de ningún centro de ensino.

Por todos estes motivos, os grupos asinantes presentan a consideración do pleno da Deputación os seguintes

ACORDOS

1. Iniciar o expediente para proceder á aprobación da mudanza de nome do IES Calvo Sotelo.

2. Tomar as seguintes medidas, como recoñecemento ás vítimas do franquismo:

- A. Instar aos concellos da provincia ao cumprimento da Lei de Memoria Histórica, eliminando os restos de simboloxía franquista (escudos, insignias, placas, nomenclátor das rúas, inscricións etc), distincións, nomeamentos, títulos honoríficos e honras a golpistas, franquistas e demais formas de exaltación e enalteceamento individual ou colectivo da sublevación militar de 1936 e do franquismo, dos seus dirixentes ou das organizacións que sustentaron o rexime ditatorial.
- B. Proceder á colocación dunha placa na sede da Deputación cos nomes de todos os cargos públicos das corporacións municipais da provincia que foron asasinados, encarcerados, procesados, sancionados ou que tiveron de fuxir ao exilio polas súas ideas democráticas.

- C. Organizar no Teatro Colón un grande acto público de homenaxe aos cargos públicos e funcionarios da Deputación e das corporacións municipais que foron vítimas da barbarie e da represión franquista.

Sr. Requeira Varela

Antes de nada saudar e darlle a benvinda á presidenta da Asociación Cultural Alexandre Bóveda a este Pleno, dona María Xosé Bravo, eu creo que esta moción que é unha moción que se nos fai chegar a través da iniciativa da propia Asociación Cultural Alexandre Bóveda, o que trata de traer aquí é poñerlle fin a unha anomalía histórica, a unha anomalía histórica que ademais deixa moitos escuros desde o punto de vista legal, polo tanto, nós entendemos que é urxente que dunha vez por todas as administracións públicas tomemos conciencia de que hai unha Lei de memoria histórica e de que debemos cumprila, pero que debemos cumprila e vixiar o cumprimento todos os días da nosa vida, todos os días onde teñamos responsabilidade de facer algo ao respecto. Con isto quero expresar ou manifestar a urxencia de que se debata esta moción aquí e pedirlle o voto favorable aos Grupos para que poidamos debatela e aprobala.

Vótase a urxencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 22 deputados (5 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 7 deputados (PP)

Sr. Requeira Varela

Como dicía a moción trata de poñerlle fin ao que consideramos os Grupos que subscribimos este texto que, insisto, que se nos achega por parte da Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, unha anomalía democrática.

(Le o texto da moción, facendo un inciso despois do parágrafo "... E se na ditadura franquista foron silenciados os nomes daquelas persoas que defenderon os valores cívicos da democracia e que tanto contribuíran para o progreso deste país, é polo que vemos necesario mudar o nome do IES Calvo Sotelo, dependente da Deputación da Coruña....)

(Entra no salón a Sra. Gallego Neira).

Aquí quero facer un inciso, porque o texto que se nos pasaba desde a Agrupación Cultural Alexandre Bóveda propoñía xa un novo nome para o centro que neste caso por acordo dos Grupos que levan esta proposición a Pleno, decidimos deixar para debate posterior, polo tanto, a parte propositiva de mudanza de nome facémola, pero

non propoñemos un novo nomenclátor, e por iso tamén trasladámoslles as nosas desculpas por non poder facerlle fronte á totalidade, á literalidade do texto á propia Agrupación.

(Prosigue coa lectura da moción)

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Dios Diz

Moitas grazas, Sr. Presidente, bos días outra vez a todos e todas, saúdo tamén á presidenta da Asociación Cultural Alexandre Bóveda.

Estamos nun debate que a min certamente me sorprende porque desde o noso punto de vista non deberamos ter ninguén dúbidas ao respecto. Como se di na moción moi ben hai xa dez anos que a Xunta reclamou á Deputación o cambio de nome do IES Calvo Sotelo, tempo suficiente como para que se tivera abordado e este debate non se tivera que sustentar agora. Ademais desa Orde da Xunta, tamén me sorprende que se queira manter o nome de alguén sen unha vinculación específica e significativa coa cidade da Coruña, ata onde eu alcanzo a coñecer. Pola contra, e eu coincido na proposta de nome alternativo, María Miramontes si ten unha clara relación coa cidade, coa provincia e con Galicia enteira, naceu en Bergondo, medrou na Coruña, onde frecuentou os ambientes republicanos e galeguistas, e aquí casou con Anxel Casal que sería logo alcalde de Santiago de Compostela, hoxe alcalde de honra da nosa cidade.

Non vou repetir a importancia da figura de María Miramontes, directiva das Irmandades da Fala, da editorial Nós, Escola de ensino galego, Partido Galeguista, campaña polo Estatuto, a súa defensa do papel político das mulleres, penso que é suficiente como para que mereza canto recoñecemento se lle teñen negado ou esquecido ata o de agora. Coido que é importante destacar o seu papel e lembrar o seu valor, como xa está facendo o goberno municipal de Compostela.

Por último, sorpréndeme que á marxe do que poidan dicir determinados ditames xurídicos non haxa unanimidade no que no fondo é, e debe ser, unha decisión política, estamos a decidir como Corporación provincial se un dos edificios que dependen desta administración debe manter un nome dado durante o franquismo en honra ao denominado "protomártir da cruzada", José Calvo Sotelo, ou a María Miramontes, unha figura senlleira da historia de Galicia no século XX.

Persoalmente creo que esta decisión non ten dúbida, obviamente Calvo Sotelo foi asasinado antes do alzamento militar de xullo de 1936 e, polo tanto, non participou del, mais non se pode obviar que foi un dos principais propulsores da intervención do exército, con continuas chamadas ao golpe de Estado, aquel si que era un golpe de Estado. O seu asasinato e as circunstancias deste non deben servir para branquear a súa posición política. Como dixo o propio tirano "Calvo Sotelo vivirá estreitamente unido ao movemento nacional", trátase, polo tanto, dunha decisión soberana que só este Pleno pode tomar. Eu creo que somos libres e tamén responsables de adoptar esta decisión. Moitas grazas.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Bos días, tamén saúdamos á presidenta da Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, e simplemente moi brevemente para xustificar o noso sentido do voto que vai ser a abstención. Non sei se podería ser procedementalmente o voto por puntos, porque nese caso algún punto poderíamos apoialo. Nós obviamente estamos de acordo coa aplicación da Lei da memoria histórica, é unha lei que nos obriga a todos, pero hai uns procedementos e hai uns informes xurídicos que acreditan que non é de aplicación a Lei da memoria histórica na figura de Calvo Sotelo, posto que sendo evidente unha persoa de trascendencia pública nun período triste, dramático do noso país, o que está claro é que foi asasinado antes do levantamento e do golpe do Estado do 18 de xullo do 36, polo tanto dificilmente é aplicable nesa persoa a aplicación estrita da Lei da memoria histórica, non é que o diga eu, é que esta é unha opinión xurídica ao respecto.

Pero en todo caso, insisto, se é vontade desta Corporación cambiar o nome dese centro, nada que dicir, hai un procedemento, apliquemos ese procedemento, pero non apliquemos o procedemento a través dunha ferramenta que creo que é unha ferramenta errónea. Polo tanto, o noso sentido do voto vai ser abstención.

Sr. Fernández Piñeiro

Por aclarar, ao final o importante da moción son os acordos, e os acordos o que din é iniciar o expediente para proceder a aprobación da mudanza do nome do IES Calvo Sotelo, e despois como punto dous tomar as seguintes medidas como recoñecemento á vítimas do franquismo. Pon iniciar o expediente para proceder a aprobación, non di o sistema que ten que utilizarse para o seu inicio e para a súa tramitación.

En todo caso penso que todos compartiremos que unha persoa co currículo e o perfil do Sr. Calvo Sotelo, declarado defensor e partidario do fascismo e ademais a súa condición de ex-ministro da ditadura de Primo de Rivera, non é o mellor nome para un centro educativo, que deben ter, como se di tamén no corpo da moción, nomes que teñan algo que ver, ou ben co ensino ou, polo menos, que non supoñan unha exaltación dunha persoa con estas características. Debe de ser, polo tanto, unha referencia, tanto para un lado como a comunidade educativa, e pensamos que tanto o perfil desta persoa como as súas intervencións na súa etapa política, xa sexa na ditadura de Primo de Rivera, ou posteriormente, non son as máis adecuadas para levar o nome nun centro educativo. Moitas grazas.

Sr. Requeira Varela

Para ir un pouquiño máis alá do texto que nos propoñía a propia agrupación, a min gustaríame deixar clara unha cousa, que ten non só que ver con esta moción, senón que ten que ver cos debates que fomos tendo hoxe neste salón de Plenos.

Aquí non estamos, supoño que as persoas que estamos aquí sentadas, non estamos para sufrir a historia, estamos para cambiala, entón a literalidade da lei pode ser a que é, eu non vou discutir nin con portavoz do Partido Popular nin con ninguén, aquí trátase de se estamos de acordo con que un centro educativo dependente desta

Administración pública e da cidade da Coruña ten que levar o nome dun fascista ou non, se ten que levar o nome dun fascista podémonos abster ou votar en contra da moción. Se consideramos que non debe levar ese nome, temos que votar a favor.

E como no de Alcoa, que dá a sensación de que temos que gañarlles algunha loita filosófica aos americanos, non, os poderes públicos teñen que facilitar que haxa medidas correctoras que fagan que se conserven postos de traballo, podemos triunfar ou non triunfar, pero polo menos temos a responsabilidade, temos o deber de intentar facilitar que iso sexa así.

E neste caso o que estamos debatendo é, o Sr. Calvo Sotelo merece poñerlle nome a un IES da cidade da Coruña, si ou non?, á marxe do que diga a Lei da memoria histórica. Se é que si, cada un que vote en consecuencia, se é que non, apoiamos a moción, así de claro.

Sr. Dios Diz

Perdón, unha cousa moi breve. Definir no século XXI a estas alturas a Calvo Sotelo, textualmente, como unha persoa de transcendencia pública, a min paréceme suave de máis, excesivamente benigno, un eufemismo que encubre non sei que, Agustín, dígocho con todo o cariño. Nada máis, moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

O Pleno, por maioría cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños, e a abstención do PP, acorda:

"MOCIÓN DOS GRUPOS ALTERNATIVA DOS VECIÑOS, BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, COMPOSTELA ABERTA, MAREA ATLÁNTICA E PSDG-PSOE SOBRE O CAMBIO DE NOME DO IES CALVO SOTELO

Despois de coñecer a petición da Agrupación Cultural Alexandre Bóveda sobre o cambio de nome do IES Calvo Sotelo, os grupos asinantes queremos facer as seguintes consideracións que argumentamos a continuación para tomar os acordos que se expresan na parte final desta moción.

A Lei 52/2007 de 26 de decembro, coñecida como Lei da Memoria Histórica, aprobada polo Congreso dos Deputados e publicada no BOE de 27 de decembro de 2007, sinalaba no seu artigo 15: "As Administracións públicas tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura".

Por outra parte, a Comisión Permanente do Consello Escolar do Estado, máximo órgano consultivo en materia de ensino, constataba na súa reunión de 5 de febreiro de 2008 que “en numerosos centros educativos teñen escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas nas súas dependencias, ou a súa propia denominación é unha exaltación persoal ou colectiva da ditadura franquista, que é inaceptable nunha democracia como a nosa”. En aplicación da citada lei o Consello Escolar do Estado aprobaba unha resolución en que solicitaba ás comunidades autónomas e entidades locais a retirada dos vestixios relativos á Guerra Civil e a Ditadura franquista dos centros docentes e instaba o ministerio de Educación e Ciencia a colaborar na elaboración dun catálogo estatal en que figurasen os nomes e símbolos que aínda perdurasen desa etapa.

En relación con este tema, a Xunta de Galiza enviaba na primavera de 2008 unha circular a 11 centros de ensino, a través de Inspección, para iniciaren os trámites de forma a mudar os seus nomes. Isto foi feito por oito centros e fican pendentes outros tres, entre eles o IES Calvo Sotelo.

Na cidade da Coruña fixéronse nos últimos anos varias mudanzas de nomes de centros educativos, eliminando aqueles que estaban vinculados ao franquismo: Generalísimo, Carrero Blanco etc. A Consellaría de Educación –cando a Xunta era presidida por Manuel Fraga– mudou o nome do IES Diego Delicado (presidente da Deputación da Coruña na ditadura) polo de Urbano Lugrís e neste curso o CEIP Montel Touzet pasou a se chamar CEIP Cidade Vella.

Os nomes dos centros do ensino deben ser unha referencia para o alumnado e toda a comunidade educativa, un exemplo para as futuras xeracións e non é propio dunha sociedade democrática que o alumnado acuda a un centro que leva o nome de persoas que participaron en actos reprobábeis como promoveren ou apoiaren un golpe militar contra o poder lexítimo, elixido democraticamente polo pobo.

Parlamento de Galiza, coincidindo co 80º aniversario da sublevación de 1936, aprobaba en xullo de 2016, por unanimidade, unha declaración institucional de condena do golpe de Estado do día 18 de xullo de 1936, que falaba tamén de “eliminar os símbolos, as denominacións e as referencias franquistas de rúas e edificios públicos”. Co gallo dese 80º aniversario do golpe de estado militar contra o réxime democrático vixente no Estado español, o pleno da Deputación da Coruña co voto unánime de todos os grupos políticos aprobaba por seu turno unha declaración institucional sobre a retirada dos títulos honoríficos e distincións concedidas pola Deputación da Coruña a Francisco Franco Baamonde, que dicía: “A Deputación da Coruña reitera a importancia de proseguir coas accións dirixidas a recuperar e dignificar a memoria das vítimas da represión exercida despois do golpe militar de 1936, eliminar os símbolos, as denominacións e as referencias franquistas de rúas e edificios públicos”.

Nesta mesma liña de dignificación das vítimas, a Deputación da Coruña celebraba o día 28 de xullo de 2016 un acto de homenaxe aos presidentes da institución e alcaldes asasinados polo franquismo. Posteriormente publicaba un estudo sobre os 300 cargos públicos da provincia da Coruña que foron represaliados. Tamén como mostra de recoñecemento e homenaxe coas vítimas da represión franquista, a Deputación está a facer posíbel coa Universidade da Coruña a creación dunha

residencia universitaria pública que levará o nome de Elvira Bao, unha "Irmandiña" e mestra represaliada.

Pasados xa máis de dez anos desde a aprobación da Lei da Memoria Histórica, os tempos son máis que chegados para desenvolver os sinalados acordos plenarios e para que a actuación da propia Deputación da Coruña sexa unha referencia para todos os concellos.

O coñecemento (o recoñecemento) do pasado servirá para recoñecermos as vítimas porque a memoria activa ten de ver co coñecemento, co saber, coa competencia para loitar contra o tépedo muro de silencio, contra as murallas de pedra e sombra, que diría Celso Emilio Ferreiro. E se na ditadura franquista foron silenciados os nomes daquelas persoas que defenderon os valores cívicos da democracia e que tanto contribuíran para o progreso deste país, é polo que vemos necesario mudar o nome do IES Calvo Sotelo, dependente da Deputación da Coruña.

Unha persoa como José Calvo Sotelo, que é responsabilizado directamente polo Presidente do Consello de Ministros, o coruñés Casares Quiroga, da sublevación militar do 18 de xullo de 1936, non pode ter un recoñecemento social, nin levar o nome de ningún centro de ensino.

Por todos estes motivos, os grupos asinantes presentan a consideración do pleno da Deputación os seguintes

ACORDOS

1. Iniciar o expediente para proceder á aprobación da mudanza de nome do IES Calvo Sotelo.

2. Tomar as seguintes medidas, como recoñecemento ás vítimas do franquismo:

- A. Instar aos concellos da provincia ao cumprimento da Lei de Memoria Histórica, eliminando os restos de simboloxía franquista (escudos, insignias, placas, nomenclátor das rúas, inscricións etc), distincións, nomeamentos, títulos honoríficos e honras a golpistas, franquistas e demais formas de exaltación e enalteceamento individual ou colectivo da sublevación militar de 1936 e do franquismo, dos seus dirixentes ou das organizacións que sustentaron o rexime ditatorial.
- B. Proceder á colocación dunha placa na sede da Deputación cos nomes de todos os cargos públicos das corporacións municipais da provincia que foron asasinados, encarcerados, procesados, sancionados ou que tiveron de fuxir ao exilio polas súas ideas democráticas.
- C. Organizar no Teatro Colón un grande acto público de homenaxe aos cargos públicos e funcionarios da Deputación e das corporacións municipais que foron vítimas da barbarie e da represión franquista."

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as catorce horas e vinte e catro minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.